



# MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Bioloxía

Curso Académico: 2020/2021

## Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación	Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía	12/05/2022
Informe técnico	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	07/06/2022
Aprobación	Xunta de Facultade de Bioloxía	21/07/2022

## Índice

<b>1. Introducción</b> .....	2
<b>2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados</b> .....	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos .....	12
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	28
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos .....	39
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	44
Directriz 6. Información pública .....	49
<b>3. Plan de Melloras do centro</b> .....	51
<b>4. Modificacións nos diferentes títulos</b> .....	79
<b>5. Listaxe de evidencias e indicadores</b> .....	83

## 1. Introducción

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela é un centro universitario que desenvolve as súas funcións como servizo público mediante a actividade docente, de estudo e investigación para a creación, desenvolvemento e transmisión crítica da ciencia e da cultura, coa finalidade de preparar para o exercicio das actividades profesionais nos ámbitos da Bioloxía.

Foi creada en 1977 ao amparo do Decreto 1975/1973, de 26 de xullo (OM de 14 de outubro/BOE/11-XI-77) e na actualidade as súas dependencias están localizadas no edificio da Facultade de Bioloxía e no Centro de Investigacións Biolóxicas da USC (CIBUS) que está vinculado parcialmente a ela e localizado ao seu carón, no Campus Vida. Nestes edificios, ademais das aulas, laboratorios e biblioteca, ofrécense espazos de encontro como os locais das Asociacións de Estudantes, salas polivalentes, salón de graos, salas de conferencias, salón de actos e cafetería. Dispón doutras importantes instalacións para a investigación e docencia como son os invernadoiros e o acuario. Deste xeito, constitúese unha contorna na que se promove a formación universitaria integral.

De acordo co proceso PE-02 *Revisión e Mellora* do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), a Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía é o documento que recolle a análise do funcionamento do SGC da Facultade e os resultados dos programas formativos oficiais adscritos e coordinados polo centro. A Memoria de Calidade tamén recolle o grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro e o Plan de Melloras Anual, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para logralos, así como a información sobre as modificacións introducidas nos títulos e a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e/ou externo. De maneira que atinxe a todas as titulacións impartidas e coordinadas polo centro, tanto de grao como de mestrado universitario, e a todas as persoas que desenvolven o seu traballo na Facultade: alumnado de grao e máster, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

O igual co curso 2019/2021, o curso 2020/2021 estivo tamén afectado pola crise sanitaria relacionada coa COVID-19. As actividades docentes desenvolvéronse na Facultade en escenario 1, pero de xeito semipresencial, con parte das actividades impartidas de xeito presencial pero outras empregando sistemas en liña, o que supuxo un tremendo esforzo tanto para o alumnado como para o profesorado. Nos distintos apartados desta memoria descríbense as distintas actuacións que se foron poñendo en práctica para que a pandemia afectara o menos posible á formación do alumnado.

### Estrutura do Centro

De acordo cos Estatutos da USC, os órganos de goberno e xestión da Facultade de Bioloxía unipersoais son: Decano/a, secretario/a e dúas/dous vicedecanas/os; e os colexiados: a Xunta de Facultade.

O Centro, de acordo co seu Regulamento de Réxime Interno (RRI) vixente (aprobado en Xunta de Facultade o 12 de marzo de 2018 e ratificado en Consello de Goberno o 9 de novembro de 2018), conta actualmente coas seguintes comisións:

- Comisión Permanente.
- Comisión de Calidade do Centro.
- Comisións de Título (una por cada titulación coordinada polo Centro).
- Comisión de Docencia, Recoñecemento de Estudos e Actividades Culturais.
- Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos.
- Comisión de Xénero.
- Comisión de Normalización Lingüística.
- Comisión de Biblioteca.

Os departamentos con encargo docente na distintas titulacións que se imparten na Facultade de Bioloxía no curso 2020-21 son 24, nas que se inclúen 37 áreas (sen contar as áreas externas). Catro dos departamentos teñen a súa sede no centro, e estes son “Bioloxía Funcional”, “Botánica”, “Edafoloxía e Química Agrícola”, e “Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física”. Na docencia dos másteres tamén participan profesionais de prestixio como profesorado de área externa.

### Titulacións impartidas

Na Facultade de Bioloxía, no curso 2020-2021 impartíronse as seguintes titulacións:

- Grao en Bioloxía (1ª ed) (GB). Código RUCT 5600116; código USC G1021V01
- Grao en Bioloxía (2ª ed) (GB). Código RUCT 2504140; código USC G1022V01
- Dobre Grao Química Bioloxía (1ª ed) (GQB); código USC G6051V01
- Dobre Grao Química Bioloxía (2ª ed) (GQB), código USC G6052V01
- Grao en Biotecnoloxía (GBT). Código RUCT 2503766; código USC G1051
- Máster Universitario en Acuicultura (3ª ed.) (MA). Código RUCT 4310351; Código USC P1073
- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión (MBio). Código RUCT 4313638; Código USC P1241
- Máster Universitario en Neurociencia (2º ed.) (MN). Código RUCT 5310595; Código USC P2012
- Máster Universitario en Bioloxía Mariña (MBM). Código RUCT 5600116; Código USC P1171

Os títulos de máster son interuniversitarios, participando neles as tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). O Máster Universitario en Acuicultura, o Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e o Máster Universitario en Neurociencia están coordinados pola Universidade de Santiago de Compostela. O Máster Universitario en Bioloxía Mariña está coordinado pola Universidade de Vigo. O Dobre Grao en Química e Bioloxía está coordinado pola Facultade de Química da USC.

### Persoal

O número de estudantes matriculados en cada unha das titulacións e o número de profesores/as que impartiron docencia nelas no curso 2020-2021, preséntase na Táboa 1:

Táboa 1		
Titulación	Estudantes	Docentes
Grao en Bioloxía	423	81 total (inclúense 2 contratados posdoutorais e 19 predoutorais)

Grao en Biotecnoloxía	146	67 (inclúense 1 contratados posdoutorais e 8 predoutorais)
Dobre Grao Química-Bioloxía (1ª ed)	57	Coordinado pola Facultade de Químicas da USC
Dobre Grao Química-Bioloxía (2ª ed)	35	Coordinado pola Facultade de Químicas da USC
MU Acuicultura	12	57 (16USC; 10UDC; 15UVigo; 16 Centros externos) (nota: datos do curso 2019/20)
MU Biodiversidade Terrestre	19	64 (29 USC, 17 UDC e 18 UVigo) dos cales 4 son contratados posdoutorais (Modalidade B Xunta de Galicia e Programa Juan de la Cierva) e 2 corresponden ao programa Ramón y Cajal.)
MU Neurociencia	30	57 (39 profesores na USC, 12 na UDC, e 6 na UVigo)
MU Bioloxía Mariña	14	Coordinado pola Universidade de Vigo

En canto ao persoal de administración e servizos, no curso 2020/21 desenvolveron as súas funcións na Facultade de Bioloxía e no edificio CIBUS un total de 25 traballadores, dos que 8 corresponden a área de administración (xestión do centro, asuntos económicos e apoio aos departamentos), 6 ao persoal da biblioteca, 5 a área de conserxería e 6 ao persoal técnico de investigación (no acuario e en distintos departamentos do centro).

### Documentación de referencia

Como documentación de referencia, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a correspondente ao [SGC da Facultade de Bioloxía](#) (Manual do SGC, Manual de Procesos, e Protocolos), considérase a documentación que se inclúe a continuación:

- [Memoria do Grao en Bioloxía da USC](#)
- [Memoria do Grao en Bioloxía da USC \(2ª edición\)](#)
- [Memoria do Grao en Biotecnoloxía da USC](#)
- [Memoria do Dobre Grao en Química e Bioloxía](#)
- Memoria do Dobre Grao en Química e Bioloxía (2ª edición)
- [Memoria do Máster Universitario en Acuicultura \(3ª ed.\)](#)
- [Memoria do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión](#)
- [Memoria do Máster Universitario en Neurociencia \(2ª ed.\)](#)
- [Memoria do Máster Universitario en Bioloxía Mariña](#)
- [Regulamento de Réxime Interno \(RRI\) da Facultade de Bioloxía](#)
- RRI dos departamentos adscritos a Facultade de Bioloxía
- RRI do Máster Interuniversitario en Acuicultura
- RRI da Comisión Académica do Máster Universitario en Bioloxía Mariña

### **Desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC)**

No desenvolvemento do SGC interveñen tanto os órganos de goberno unipersonais (Vicedecano responsable de Calidade e Coordinadores dos Títulos) como o Equipo Decanal, as Comisións dos Títulos coordinados polo centro e a Comisión de Calidade do Centro (CCC).

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Manual do SGC e no RRI da Facultade de Bioloxía. A composición da [Comisión de Calidade](#) pode consultarse na páxina web da Facultade de Bioloxía.

No nivel máis elevado está a Xunta de Facultade, que é o órgano colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da Memoria de Calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A implantación do SGC da Facultade de Bioloxía foi certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) en xuño de 2018, e o Centro recibiu a [Acreditación Institucional](#) por Resolución do *Consejo de Universidades*, dependente da *Secretaría General de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades*, en xaneiro de 2019.

A Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía, correspondente ao curso académico 2020/2021, foi elaborada de acordo co procedemento establecido no SGC do centro (PE-02 *Revisión e mellora*). As Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade do centro (CCC) as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos, así como as propostas de accións de mellora, despois da análise dos distintos informes e indicadores suministrados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC e dos protocolos propios da Facultade de Bioloxía. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria; tamén elaborou o Plan de melloras anual.

O documento final foi aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o día 12/05/2022, revisada pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC para a súa avaliación técnica (informe favorable con data 07/06/2022) e presentada a continuación na Xunta de Facultade celebrada o 21/07/2022, onde foi aprobada. Finalmente, deuse traslado á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC para a súa aprobación final. Unha vez aprobada, a Memoria faise pública a través da web da Facultade.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.**

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### • Vixencia da Política de Calidade

A [Política de Calidade](#) da Facultade de Bioloxía mantense vixente e actualizada (novembro de 2018). Foi proposta polo equipo decanal e aprobada pola Xunta de Facultade; dita Política de Calidade está accesible na web do centro para o coñecemento dos distintos grupos de interese e da sociedade en xeral.

A vixencia da Política de Calidade da Facultade de Bioloxía tamén se pon de evidencia a través da **Certificación da Implantación** do Sistema de Garantia de Calidade (SGC) de xuño de 2018 pola ACSUG, así como a **Acreditación Institucional** do Centro por Resolución do *Consejo de Universidades* dependente da *Secretaría General de Universidades* do *Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades* (resolución de 28 de xaneiro de 2019).

#### • Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro

A Facultade de Bioloxía conta cun [Plan Estratéxico](#) 2017-2020 (PE) cuxa vixencia finalizou en decembro de 2020, polo que na Memoria de Calidade do curso 2018/19 xa se incluíu, no Plan de Melloras do Centro, o obxectivo de calidade OC-1 (Preparar a elaboración dun novo Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía debido a finalización do actual) e a acción de mellora AM-1 (Elaboración dun novo Plan Estratéxico: iniciar a discusión sobre as directrices a seguir). A proposta do equipo decanal, a CCC celebrada en xullo de 2020 fixo unha reflexión do que deberían ser as bases para a elaboración dun novo Plan Estratéxico ou para a prorroga do mesmo, á espera de que a Vicerreitoría de Calidade facilitase as directrices para a súa elaboración. Dita revisión puxo en evidencia que os obxectivos do PE continuaban a manter a súa vixencia e a guiar as

accións encamiñadas á mellora continua das actividades do Centro, o que fixo posible a súa prórroga, con axustes nos que se inclúsen a supresión das liñas ou obxectivos xa finalizados ou dificilmente realizables por inadecuados á realidade do Centro. Tamén evidenciou a necesidade de seguir mantendo certas liñas estratéxicas, así como incorporar novas accións que, non estando presentes no plan estratéxico actual, considérase recomendable incorporar en base á evolución das circunstancias ou a novas necesidades detectadas, procurando que estivesen aliñadas cos obxectivos da Planificación Plurianual da USC 2019-2022. Así, de acordo coa resolución reitoral do 7 de outubro de 2020, a CCC celebrada o 15 de decembro de 2020 acordou prorrogar a vixencia do PE actual ata 2022, seguindo o procedemento simplificado recomendado pola ACMP da USC ([Prórroga do PE da Facultade de Bioloxía 2021-2022](#)). Dita prórroga foi revisada pola ACMP o 16 de decembro de 2020, aprobada por Xunta de Facultade o 22 de xaneiro de 2021, e finalmente aprobada pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 3 de marzo de 2021.

A prórroga do PE inclúe a misión, a visión e os valores da política de calidade da Facultade de Bioloxía. En base ao mantemento das forzas, a corrección das debilidades, a explotación das oportunidades e o afrontamento das ameazas, fórmulanse catro liñas estratéxicas centradas na calidade da docencia, calidade da investigación, o sistema de garantía de calidade (SGC) e as relacións coa sociedade. Para o desenvolvemento de cada unha das liñas estratéxicas estableceronse os obxectivos estratéxicos que se indican a continuación:

**Liña estratéxica 1. Calidade da docencia:**

- 1.1.- Mellorar as infraestruturas docentes do Centro
- 1.2.- Oferta docente de Grao e Posgrao atractiva para o estudiantado
- 1.3.- Mellorar a atracción do talento (estudantes de novo ingreso)
- 1.4.- Mellorar información e xestión das prácticas externas
- 1.5.- Mellorar o rendemento dos estudantes
- 1.6.- Mellorar a formación docente dos profesores
- 1.7.- Mellorar a información sobre a inserción laboral dos egresados

**Liña estratéxica 2. Calidade da investigación:**

- 2.1.- Optimizar o uso das infraestruturas comúns de investigación
- 2.2.- Apoiar aos grupos de investigación

**Liña estratéxica. Sistema de Garantía de Calidade do Centro**

- 3.1.- Fomentar a cultura de calidade no Centro

**Liña estratéxica 4.- Relacións coa sociedade**

- 4.1.- Mellorar a nosa imaxe e as relacións coa sociedade
- 4.2.- Poñerse ao servizo da sociedade

O grao de cumprimento do plan estratéxico 2017-2020 e a súa prórroga 2020-2021 é elevado.

Respecto á Liña estratéxica 1 (Calidade da docencia), destacan especialmente as accións encamiñadas á consecución do obxectivo estratéxico “1.2 Oferta docente de Grao e Posgrao atractiva para o estudiantado”, xa que no curso 2019/20 reverificouse o Grao en Bioloxía (Grado en Bioloxía, 2º ed.), incluíndo a posibilidade de que os estudantes iniciasen o seu proceso de especialización a través das denominadas mencións ou itinerarios. Estes están presentes no cuarto curso do Grao, e existen dous: Mención Bioloxía Biosanitaria e Mención Bioloxía Ambiental. Isto supón unha vantaxe respecto doutros títulos de Graduado/a en Bioloxía que se imparten no SUG. A Segunda Edición do Grao en Bioloxía da USC comezou a súa andaina no curso 2020-2021 coa implantación do primeiro curso.

Por outro lado, no curso 2018-2019 iniciáronse os estudos de Graduado/a en Biotecnoloxía, implantándose no curso 2020-2021 o terceiro curso. A presenza dun novo Grao na Facultade cun número de 50 prazas de nova admisión cada ano así como o descenso a 100 prazas no Grao de Bioloxía acometido nos cursos previos facilitou a atracción de novo alumnado con alto rendemento académico no bacharelato e nas probas da Avaliación do Bacharelato para o Acceso a Universidade (ABAU) (obxectivo estratéxico “1.3 Mellorar a atracción do talento (estudantes de novo ingreso)”). Isto fai que a porcentaxe de alumnos/as que elixen estas titulacións como a súa primeira opción sexa máis elevada en comparación con cursos precedentes. Isto facilita a mellora, entre outros, do rendemento do alumnado (obxectivo estratéxico “1.4 Mellorar o rendemento dos estudantes”) e do descenso da taxa de abandono, que xa se está a ver nos resultados do título de Graduado/a en Bioloxía.



Tamén se melloraron as infraestruturas docentes do Centro (Obxectivo estratéxico “1.1 Mellorar as infraestruturas docentes do Centro”), xa que se conseguiu finalizar o novo laboratorio de prácticas (Laboratorio 12), co obxectivo de impartir nel - entre outras-, prácticas de materias do Grao en Biotecnoloxía. Tamén se dotou de todo o instrumental necesario para levalas a cabo mediante a cesión de equipos por parte das diversas Departamentos e Áreas así como a compra de novo equipamento; sen embargo, non foi posible acondicionar os outros tres espazos dispoñibles previstos. Isto debeuse, por un lado, á falta de financiación e, por outro, a que foi necesaria a súa transformación en aulas de docencia expositiva, nas que se impartiu docencia do Grao en Farmacia.

O grao de cumprimento da *Liña estratéxica 2 (Calidade da investigación)*, con dous obxectivos estratéxicos (2.1.- Optimizar o uso das infraestruturas de investigación de uso común; 2.2.- Apoiar os grupos de investigación) tamén foi bo, xa que estase a facer un esforzo importante no mantemento e mellora das instalacións comúns de investigación, como o acuario e os invernadoiros; tamén ofertáronse espazos dispoñibles no centro a distintos grupos de investigación. Aínda que non obtivemos resposta dos órganos da universidade, en cumprimento das liñas de actuación marcadas se segue a insistir dende o centro na necesidade dun cambio no marco normativo e legal que permita a incorporación do alumnado nos laboratorios de investigación, de forma independente ás bolsas de colaboración, que permita complementar a aqueles estudantes que o desexen a súa formación práctica durante os catro anos de carreira.

Respecto ao obxectivo 3.1.- *Fomentar a cultura de calidade no Centro*, correspondente á *Liña estratéxica 3 (SGC do centro)*, a participación do centro no proceso de certificación institucional en 2019 fixo que se incrementara, en gran medida, o coñecemento que sobre o SGC teñen as persoas que desenvolven as súas actividades no centro (PDI, PAS e alumnado). Isto continuou en 2020-2021, e foi reforzado por toda a información dispoñible no apartado de Calidade da nova web da Facultade de Bioloxía, con diversos apartados como o que se entende por Calidade no Centro, onde se explica a Política de Calidade da Facultade, onde se detallan os Órganos do SGC, onde se detallan os diversos Indicadores de Calidade empregados nos Graos e Mestrados e a súa evolución temporal por curso, onde se colgan os diversos informes e enquisas cos resultados da avaliación nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, e finalmente onde está depositada toda a documentación relacionada co SGC (manuais de procesos, manual do SGC, protocolos, plans estratéxicos, actas, memorias de calidade, etc). No obstante, segue sendo necesario seguir traballando, sobre todo na divulgación de toda esta información dispoñible de xeito público así como na mellora da participación dos distintos grupos de interese nas enquisas de satisfacción.

A *Liña estratéxica 4 (Relacións coa Sociedade)* é a de máis difícil cumprimento, debido á escasa proxección que teñen as actividades que se realizan nos centros universitarios sobre a poboación en xeral. Non obstante, o equipo decanal do Centro, os coordinadores dos títulos e unha parte do profesorado participa no programa A Ponte da USC, mellorando a difusión das actividades docentes e investigadoras da Facultade de Bioloxía entre o profesorado e alumnado dos distintos centros de ensino secundario de Galicia. Ademais, distintos departamentos da Facultade de Bioloxía acollen a un número importante de alumnos/as de formación profesional, de especialidades como Anatomía Patolóxica e Citoloxía e Química Ambiental, que realizan as prácticas profesionais nos seus laboratorios.

#### • Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro

A pesar da continuación durante o curso 2020-2021 da profunda crise sanitaria relacionada coa pandemia xerada polo SARS-CoV-2 (COVID-19), o grao de cumprimento dos obxectivos de calidade que se presentaron no Plan de Melloras da Facultade de Bioloxía do curso 2020/21 foi elevado. Moitas das accións de mellora foron completadas, o seguimento da eficacia das cales foi realizado pola CCC.

O Plan de Melloras da Facultade de Bioloxía para o curso 2020/2021 e que figuraba na Memoria de Calidade 2019/2020, deseñado segundo o *Proceso de Revisión e Mellora (PE-02)*, incluía un total de 14 obxectivos de calidade (OC1-OC14) que levaban parellos 18 accións de mellora (AM-1-AM-18). Destas accións de mellora, as accións AM-1, AM-5, AM-7, e AM-10-AM-13 xa aparecían finalizadas na Memoria de Calidade 2019-2020. Así, a prórroga do Plan Estratéxico (AM-1) foi elaborado pola Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía o 15/12/2020, revisado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos o 16/12/2020, e aprobado pola Xunta de Facultade (22/01/2021) e a Comisión de Calidade Delegada do

Consello de Goberno (03/03/2021). A posibilidade de ter un Grao en Bioloxía Ambiental na Facultade de Bioloxía (AM5) foi tratada na Xunta de Facultade do 15/03/2021, que aprobou a declaración de intencións como nova proposta de Grao universitario para o curso 2022-2023, a cal foi finalmente rexeitada pola Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional. En canto ao equipamento docente e infraestructuras de centro (AM-7), este continuou a mellorarse. Así, ao longo de 2021 se solicitou e se obtivo financiamento da Xunta de Galicia para a compra de 15 equipos informáticos para aula de informática 2 (aproximadamente 12.000 euros). Tamén se melloraron os restantes equipos informáticos, aos que se lles cambiaron os discos duros. Ademais, compráronse mesas e algunhas sillas para habilitar algún dos espazos que liberou a Facultade de Farmacia como aulas de docencia (10 e 11). Tamén se mercou por exemplo un microscopio invertido para as prácticas de cultivos celulares (Grao de Biotecnoloxía; Laboratorio 12) Tamén continuou a mellora do informe sobre o TFG (AM10), das competencias en información do alumnado de Grao (AM11), da enquisa do Grao en Biotecnoloxía para coñecer as optativas/itinerarios que teñen intención de coller os alumnos en cuarto (implantación no curso 2021/2022), e da sensibilización do persoal sobre o uso do Galego na docencia (AM13). En canto ao resto das accións de mellora, quedaban en fase de realización AM3, algunhas como parcialmente executadas (AM2, AM4, AM6, AM8, AM9, AM14, AM15 e AM18), e outras en fase de preparación (AM17) ou por facer (AM16). Así, no curso 2020-2021 foron completadas as accións de mellora relacionadas coa revisión/modificación/supresión do protocolo do SGC dos informes de autoavaliación, que foron finalmente suprimidos como xa se comentou. Tamén se deu continuidade no curso 2020/2021 a enquisa do TFG (AM3), xa acometida nos cursos 2017/2018, 2018/2019 e 2019/2020. A AM4, relacionada coa actualización dos Protocolos e o Manual do SGC para incluír os resultados do Grao de Biotecnoloxía foi acometida pola CCC o 28/04/2021

En relación coa revisión e actualización do regulamento do TFG da Facultade de Bioloxía (AM6), inicialmente aprobouse en Xunta de Facultade un regulamento conxunto para o TFG de Bioloxía e de Biotecnoloxía coa posibilidade de que, a maiores da posibilidade de ser avaliado por tribunais, o alumno/a poidese ser avaliado polo titor/a, debido ao número crecente de TFGs na Facultade, a implantación no curso 2021/2022 do cuarto curso do Grao en Biotecnoloxía, e a merma no profesorado da Facultade. Sen embargo, asesoría xurídica da USC informou que era necesario que cada titulación tivese o seu propio regulamento. Ademais, a Vicerreitoría de Titulacións indicou que a ratio alumno matriculado/profesor en cada un dos graos non xustificaba a posibilidade de defensa do TFG diante do titor. Polo tanto, a acción de mellora AM6 completouse coa elaboración de sendas propostas de regulamento do TFG para os Graos de Biotecnoloxía e Bioloxía, que foron aprobadas na Xunta de Facultade do 29/10/2021. En relación coa mellora dos convenios de prácticas externas e de mobilidade para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía (AM8), enviáronse correos as seguintes universidades para intentar establecer convenios con Biotecnoloxía. Ditos correos foron enviados o 30 de abril de 2021, pero non se obtivo resposta por parte da University of Ljubljana, a West Pomeranian University of Technology, ou a University of Zagreb. Polo tanto, dita acción de mellora deberá seguir aberta no futuro, xa que o número de convenios ERASMUS no caso do Grao de Biotecnoloxía é moi reducido se o comparamos co Grao de Bioloxía. Respecto á mellora da información pública, coa restructuración e actualización da web da Facultade de Bioloxía (AM-9), xa está implementada a nova web da USC e mellorou notablemente a parte que fai referencia a Facultade, aínda que o proceso non está concluído.

A acción AM14 ten como obxectivo a sensibilización do papel da muller na ciencia. Entre outras accións a Facultade de Bioloxía da USC (Comisión de Xénero da Facultade de Bioloxía) fixo o 4 novembro de 2020 (25N, Día internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller) na Aula Magna da Facultade de Bioloxía un Coloquio con Novas Investigadoras Bioloxía 2020, organizado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Bioloxía en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística, no que tres investigadoras da USC darán a coñecer os seus temas de investigación e, ademais, explicarán como foron os seus inicios na carreira investigadora. O encontro remata cun coloquio sobre aspectos da carreira investigadora como a busca de financiación, os criterios para a elección do grupo de investigación e as perspectivas da carreira a medio-longo prazo, entre outros. Tamén se fixo en 2020 difusión da campaña #No Consiento (non consinto a violencia sexual) organizado por Amnistía Internacional Galicia (ver anexo II). O 10 de marzo de 2021 (8M, Día internacional da Muller) fixose tamén unha charla a cargo de Encarna Otero Cepeda na Aula Magna da Facultade de Bioloxía co título "Mulleres que fan historia". Por iniciativa do grupo de investigación EcoPast (EcoPast – Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola), contribuímos dende a Facultade de Bioloxía á campaña #No more Matildas, que ten como obxecto promover a igualdade no recoñecemento de méritos e a recuperación de científicas como referentes para inspirar e fomentar a vocación científica en nenas, adolescentes e mulleres xoves. O nome da campaña fai referencia a Matilda Joslyn Gage, a primeira muller en denunciar a inxustiza pola que sistematicamente se ignoraron os achados de mulleres científicas ao longo da historia (máis información en <https://www.nomorematildas.com/>). O 16 de Novembro de 2021 na Aula Magna da Facultade de Bioloxía (25N, Día internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller) se fixo novamente o Coloquio con Novas Investigadoras Bioloxía, organizado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de

Bioloxía en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística. Tamén realizouse unha pegada de cartaces co lema #aViolenciaNonSempreÉFísica durante 16 días a partir do 25 N. O día 26 de novembro tivemos unha charla via MS-teams a cargo de Marilar Aleixandre con debate posterior co Título: Son neutrais a bioloxía e a medicina? Unha perspectiva feminista e decolonial, e finalmente se fixo unha enquisa para determinar o grao de coñecemento e as actitudes do alumnado da Facultade de Bioloxía en relación á violencia de xénero contra a muller.

Todas estas accións de mellora mencionadas anteriormente executáronse a nivel de centro. En canto as restantes accións de mellora (AM15, AM16, AM17, AM18) que afectan aos másteres, foron executadas, en primeira instancia, polas comisión e os coordinadores dos títulos, coa axuda do equipo decanal e da coordinadora de calidade co centro. Así, por parte do Máster de Acuicultura se impulsaron durante 2020/2021 as accións de mellora AM15 (*Asegurarse de que o profesorado cubra o formulario propio para coñecer a satisfacción co máster*), AM16 (*Creación dunha intranet para comunicación cos egresados*), e AM17 (*Renovar o equipo de dirección do Máster de Acuicultura*). En relación a AM15 e AM16 non se alcanzou ningunha delas por motivos distintos. En primeiro lugar, si se deseñou un formulario de satisfacción do profesorado e púxose a disposición de todos os profesores nunha DROPBOX, pero ninguén o cubriu; por iso, se propuso unha reflexión, dentro da Comisión Interuniversitaria, para analizar estratexias para lograr que o profesorado entenda a necesidade de cubrir eses informes, ou outra estratexia para obter a necesaria información. Para a segunda proposta, dependiamos da promesa da USC de que se disporía, na web da universidade, dunha intranet para alumnos e egresados, dentro da cal se poderían establecer grupos de comunicación; por iso, manteremos a proposta, e seguiremos pedindo á USC que se cumpra a promesa dada hai xa varios anos. Respecto á AM-17 que fora proposta polo Máster Universitario en Acuicultura, ao mesmo tempo en que se facía a redacción da modificación do Regulamento de Réxime Interno (RRI) para introducir a posibilidade de rotación dos cargos de Coordinador Académico (na USC) e Coordinador Xeral (entre as 3 universidades participantes), realizáronse as xestións necesarias cos profesores da USC e cos compoñentes da Comisión Académica Interuniversitaria, respectivamente. Desafortunadamente, estas xestións resolvéronse negativamente: no primeiro caso, moitos profesores da USC avisaron rotundamente de que, de facer obrigatoria a rotación do cargo de coordinador académico, daríanse de baixa como profesores, ante o cal desistiuse; no caso da rotación das responsabilidades de coordinador xeral (que non do Coordinador oficial do Máster), a Universidade de A Coruña deixou claro que si non se pasaba a Coordinación á UDC, non se aceptarían as responsabilidades. A seguinte negociación, visto o fracaso da primeira, foi para encontrar un posible coordinador na UDC ou na UVigo, para transferir completamente a coordinación a outra universidade, pero tamén foi infrutuoso. Deste xeito, permanecen como estaban tanto a Universidade coordinadora como os coordinadores académico e xeral. O último que se tentou, e está á espera de actuación en consecuencia, foi presentar a dimisión do Coordinador Xeral e da Coordinadora Académica na USC ante a Vicerreitora de Titulacións, quen asegurou que buscaría unha maneira de facer o cambio de coordinadores no prazo máis breve posible, pero no curso 2020/2021 ditos cambios non foron feitos. Polo tanto, esta acción de mellora terá que ser prorrogada. Por parte do Máster de Neurociencia, a acción AM18 consistiu nunha *revisión do número de prazas ofertadas polo Máster Universitario de Neurociencia*

#### **A continuación inclúese información sobre o estado de execución do Plan de Melloras:**

**Foron completadas case todas as accións que se executaron a nivel de centro, salvo dúas (AM8 e AM9):**

##### **Nivel Centro:**

- **AM-1:** Descrición: Elaboración da Prórroga do Plan Estratégico 2021-22. Estado: Executada e finalizada
- **AM 2:** Descrición: Revisión e modificación ou supresión do Protocolo do SGC "Informes de autoavaliación de materias". Estado: Executada e finalizada
- **AM 3:** Descrición: Incluir como Protocolo do SGC a Enquisa sobre o desenvolvementos dos TFGs. Estado: Executada e finalizada
- **AM 4:** Descrición: Actualizar os Protocolos e o Manual do SGC para incluír os resultados do Grao en Biotecnoloxía.Estado: Executada e finalizada
- **AM 5:** Descrición: Explorar a posibilidade de ofertar un Grao en Bioloxía Ambiental. Estado: Executada e finalizada.
- **AM 6:** Descrición: Revisión e actualización do Regulamento do TFG da Facultade de Bioloxía. Estado: Executada e finalizada
- **AM 7:** Descrición: Mellorar o equipamento docente da Facultade de Bioloxía. Estado: Executada e finalizada

- **AM 8:** Descrición: Mellorar os convenios de prácticas externas e de mobilidade para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía. Estado: Executada e PARCIALMENTE ACOMETIDA. Aínda que xa se estableceron convenios para que o alumnado do Grao en Biotecnoloxía poida realizar as prácticas externas e de mobilidade, parece oportuno prorrogar este obxectivo estratéxico para melloralos, posto que aínda non se implantaron todos os cursos do grao (no curso 2020/21 comezou o segundo curso).
- **AM 9:** Descrición: Mellora da información pública: reestructuración e actualización da web da Facultade de Bioloxía. Estado: Executada e PARCIALMENTE ACOMETIDA. A mellora da información pública vai ser prorrogada co fin de ampliar a información relativa ao Centro dispoñible na web da USC trala reforma que se está a acometer, especialmente a organización da información contida na intranet.
- **AM 10:** Descrición: Mellorar a información sobre o TFG, sobre todo en relación ao seu desenvolvemento. Estado: Executada e finalizada
- **AM 11:** Descrición: Mellorar as Competencias en Información do alumnado de grao. Estado: Executada e finalizada
- **AM 12:** Descrición: Enquisa, ao alumnado do Grao en Biotecnoloxía, para coñecer as optativas e itinerarios que teñen intención de cursar. Estado: Executada e finalizada
- **AM 13:** Descrición: Sensibilizar ao persoal sobre o uso da galego na docencia. Estado: Executada e finalizada
- **AM 14:** Descrición: Sensibilizar sobre o papel da muller na Ciencia. Estado: Executada e finalizada

#### Nivel mestrado:

- **AM 15:** Máster de Acuicultura. Descrición: Asegurarse de que o profesorado cubra o formulario propio para coñecer a satisfacción co máster. Estado: Executada e finalizada
- **AM 16:** Máster de Acuicultura. Descrición: Creación dunha intranet para comunicación cos egresados. Estado: Executada e prorrogada, xa que depende da mellora da intranet da universidade.
- **AM 17:** Máster de Acuicultura. Descrición: Renovar o equipo de dirección do Máster de Acuicultura. Estado: Executada e prorrogada. Respecto á AM-9 que fora proposta polo Máster Universitario en Acuicultura, ao mesmo tempo en que se facía a redacción da modificación do Regulamento de Réxime Interno para introducir a posibilidade de rotación dos cargos de Coordinador Académico (na USC) e Coordinador Xeral (entre as 3 universidades participantes), realizáronse as xestións necesarias cos profesores da USC e cos compoñentes da Comisión Académica Interuniversitaria, respectivamente. Desafortunadamente, estas xestións resolvéronse negativamente: no primeiro caso, moitos profesores da USC avisaron rotundamente de que, de facer obrigatoria a rotación do cargo de coordinador académico, daríanse de baixa como profesores, ante o cal desistíuse; no caso da rotación das responsabilidades de coordinador xeral (que non do Coordinador oficial do Máster), a Universidade de A Coruña deixou claro que si non se pasaba a Coordinación á UDC, non se aceptarían as responsabilidades. A seguinte negociación, visto o fracaso da primeira, foi para encontrar un posible coordinador na UDC ou na UVigo, para transferir completamente a coordinación a outra universidade, pero tamén foi infructuoso. Deste xeito, permanecen como estaban tanto a Universidade coordinadora como os coordinadores académico e xeral.
- **AM 18:** Máster de Neurociencia: Descrición: Revisión do número de prazas ofertadas polo Máster Universitario de Neurociencia. Estado: Executada e finalizada. En canto a proposta do Máster Universitario en Neurociencia, o OC-11 e a AM-12 foron completados; como resultado, a comisión do máster propuxo unha redución no número de prazas para adecualas á demanda, o cal, foi ratificado pola Xunta de Facultade do centro, e enviada ao vicerrectorado con competencia na materia.

#### • Evolución do proceso de elaboración, desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro

O [SGC da Facultade de Bioloxía](#) conta cun proceso estratéxico de *Revisión e Mellora* (PE-02) que permite establecer, revisar e/ou actualizar a política de calidade, os obxectivos de calidade do plan de melloras anual, o funcionamento do

Sistema de Garantía de Calidade (SGC), así como os resultados dos programas formativos que están no ámbito do SGC da Facultade de Bioloxía. No desenvolvemento deste proceso é fundamental o traballo das comisións de título, que de acordo co proceso clave *Análise de resultados e mellora dos programas* (PC-05), analizan os indicadores e trasladan á CCC as áreas de mellora detectadas e as propostas de accións a adoptar.

A CCC, unha vez analizado o funcionamento global do SGC e revisadas as accións de mellora propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, elabora o Plan de Melloras Anual, que recolle os obxectivos de calidade, as accións de mellora, responsables, prazos, recursos e, en xeral, toda a información necesaria para a correcta planificación.

#### • A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía está adecuadamente actualizado xa que, como se indicou en apartados anteriores, a súa implantación foi certificada pola ACSUG en xuño de 2018. No curso 2019/2020 deixárase de elaborar o “Informe de autoavaliación de materias” debido a dificultade na obtención dos datos, e tamén se adaptara o Protocolo “Enquisa das materias” á nova situación da pandemia, modificando algún dos ítems da enquisa e realizándoa a través da plataforma MS Forms. No curso 2020/2021 o protocolo “Enquisa das materias” seguiu a realizar ben de xeito virtual a través da plataforma MS-Teams ou ben de xeito presencial nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía. Ademais no Plan de Melloras da memoria 2019/2020 propuxéronse tres accións de mellora (AM-2 Revisión e modificación ou supresión do Protocolo do SGC “Informe de autoavaliación de materias”, AM-3 Incluir, como Protocolo do SGC a “Enquisa sobre o desenvolvemento do TFG” e AM-4 Actualizar o Manual do SGC para incluír os informes correspondentes aos Protocolos do SGC do Grao en Biotecnoloxía) para manter actualizado o SGC da Facultade de Bioloxía (OC-2). Ademais, durante o curso 2020/21 fixéronse algúns cambios no Manual do Sistema de Garantía de Calidade no relativo á actualización e mellora dos Protocolos (PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades –Apartado 5 indicadores) por parte da CCC (28/04/2021), que foron posteriormente aprobados pola Xunta de Facultade o 12/05/2021 e a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno (24/05/2021). Tamén se efectuou unha actualización importante do Manual de Procesos, en concreto nos procesos PE-02 Revisión e mellora, PC-03 Apoio a estudantes, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, PS-01 Xestión dos recursos humanos e PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades (Actualización e mellora dos Protocolos (Apartado 5 – indicadores propios do centro)).

Globalmente o SGC da Facultade de Bioloxía inclúe a metodoloxía necesaria para propiciar a mellora continua do centro, permitindo obter a información necesaria para analizar o funcionamento dos títulos que se imparten no centro, detectando debilidades na implantación dos mesmos e posibilitando deste xeito a formulación de accións de mellora. Desta maneira, a consecución dos obxectivos da política de calidade baséase no proceso sistemático e cíclico de mellorar, planificar, desenvolver e actuar.

#### • A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

A recollida sistemática de información relativa á satisfacción, expectativas e necesidades dos grupos de interese é realizada segundo o proceso institucional da USC *Satisfacción, expectativas e necesidades* (PI-08), e subministrada aos centros pola ACMP. O centro complementa esta información mediante a aplicación de enquisas propias desenvolvidas segundo o proceso de soporte *Satisfacción, expectativas e necesidades* (PS-04) e os Protocolos do SGC da Facultade de Bioloxía. Concretamente, para o alumnado de grao realízase a enquisa de perfil de ingreso e de percepción sobre o desenvolvemento das materias.

Toda esta información é analizada pola CCC e, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e a procedente das queixas, reclamacións e suxestións, conforma a base sobre a que se realiza o seguimento do SGC e dos programas formativos.

Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recaba información mediante enquisas é suficiente, e o que require unha atención especial é a consecución duns niveis de participación significativos. No curso 2019/20 e, debido a pandemia, os formularios das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, que realiza a Área de Calidade

e Mellora dos Procedementos (ACMP), e de coordinación, foron modificados para adaptalos aos cambios introducidos na docencia e na avaliación derivada da crise da COVID-19 e o decreto 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma. Os cambios no caso das enquisas da ACMP persistieron no curso 2020/21.

O SGC do centro conta co protocolo de soporte *Xestión das incidencias (SQR)* (PS-05) que establece a sistemática para rexistrar, xestionar e analizar as posibles incidencias (suxestións, queixas e reclamacións) que se presenten no centro. No curso 2020/21 foron presentadas as seguintes reclamacións e queixas na Facultade de Bioloxía:

- **Reclamación 1:** cualificación exame de Xenética I (resolta pola Comisión de Reclamacións contemplada na Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións
- **Reclamación 2:** Cualificación exame de Botánica II ( resolta....)
- **Queixa 1:** Polo trato recibido durante a revisión do exame de Botánica II
- **Queixa 2 (recibida a través da Oficina do Valedor):** Relacionada coa tardanza en publicar o calendario de exames

En canto as queixas nos másteres, o alumnado do Máster Universitario de Biodiversidade Terrestre non presentou no curso 2020/2021 ningunha queixa, xa que a pesar da COVID poideron realizarse todas as actividades previstas e non foi necesario cancelar ningunha. Esta situación foi, polo tanto, moi distinta da acontecida no curso anterior, na que se presentara en primeira instancia una queixa fronte ao Coordinador do Máster debido á perda das saídas de campo da maioría das materias do primeiro curso a causa do peche da universidade pola COVID-19. Nese curso, dende a coordinación do Máster, e xuntamente co Decanato de Facultade, informárase ao alumnado da imposibilidade de dar solución ó problema. Ante isto o alumnado presentara unha queixa ao Valedor da Comunidade Universitaria da USC, que deu trámite a mesma e solicitou información á Facultade. Por outra banda, tamén contactara coa Vicerreitoría a fin de buscar algunha solución satisfactoria para o estudantado. Finalmente, e contando coa colaboración desinteresada de parte do profesorado da materia, a principios del curso 2020/21 (mes de setembro do 2020) organizouse unha actividade para recuperar, alomenos en parte, as saídas de campo da materia "Taller de técnicas básicas de mostraxe", pero debido o inicio do curso (solapamiento con asignaturas do 2º curso) e outros problemas a participación do alumnado fora moi reducida. Pola súa parte, o Máster de Acuicultura conta cun mecanismo adicional, non sustitutorio, de recollida de información sobre a satisfacción dos alumnos coa docencia de todas e cada unha das materias impartidas, así como dos profesores, e da coordinación entre os profesores e entre as materias. Non obstante, os resultados dos últimos cursos fannos pensar que temos que pasar do sistema on line para cubrir estes formularios, ó tradicional en papel, feito nas aulas. A modo de resumo, queremos salienta que tras a implantación da terceira versión do Máster de Acuicultura no curso 2018/19, non se volveron a repetir as queixas dos alumnos ó respecto do desequilibrio entre a carga docente indicada nas guías das materias e a carga docente real en algúnhas delas. Asimesmo, e importante remarcar que a nova materia (Diagnóstico de enfermidades) está sendo un éxito de aceptación por parte dos alumnos, así como aquelas que foron replantexadas respecto a versión anterior do máster (falamos principalmente da de Epidemioloxía). Só por eso, cremos que a modificación realizada do Máster de Acuicultura foi un acerto. No Máster de Neurociencia non houbo queixas no curso 2020/2021.

A meirande parte dos recursos, reclamacións, queixas e/ou suxestións son tramitadas directamente pola Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), segundo o protocolo institucional *Xestión das incidencias (SQR)* (PI-07), e non chegan ao centro, xa que non teñen que ver directamente coa xestión directamente encomendada á Facultade. Concretamente, no curso 2020/21 foron presentados segundo a OAR en relación coa Facultade de Bioloxía **13 recursos**, dos cales 12 estiveron relacionados co Grao de Bioloxía e 1 con Máster de Neurociencia. Destes 13 recursos, 1 estaba relacionado con cuestións de admisión, 3 con recoñecemento de estudos (2 no Grao de Bioloxía e 1 no Máster de Neurociencia), e a meirande parte deles con Recoñecementos ERASMUS/SICUE no Grao de Bioloxía (9). Dos 12 recursos presentados no Grao de Bioloxía, 10 foron estimados e os 2 restantes desestimados, namentres que o correspondente ao Máster en Neurociencia foi parcialmente estimado. Non houbo recursos estimados no proceso PXA3 (matriculación) para a Facultade de Bioloxía no curso 2021/21, pero sí 2 para o proceso PXA7 (Adaptacións, Validacións e Recoñecementos). Por outra banda, a OAR indica 4 **reclamacións** na Facultade de Bioloxía, 2 no Grao de Bioloxía (1 devolución de prezos e 1 relacionado coa matrícula) e 2 no Máster Universitario en Biodiversidade (vinculados ambos a prácticas/estadías de plano de estudos); no caso do Grao de Bioloxía unha das reclamacións foi estimada e a outra desestimada, namentres que para o Máster de Biodiversidade as dúas reclamacións foron desestimadas. Toda esta información sobre recursos e reclamacións pode ser

consultada na [Memoria da OAR do curso 2019/20](#).

## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño, revisión, mellora e, se procede, extinción dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía realízase de acordo co proceso institucional PI-01 *Deseño, modificación e extinción de programas*, do Manual de Procesos Institucionais do SGC da USC. Os plans de estudos implantáronse de acordo ás memorias de verificación dos títulos, e todos os títulos que participaron en procesos de renovación da acreditación obtiveron informe favorable, polo que podemos considerar que o desenvolvemento do proceso é o adecuado.

O [SGC da Facultade de Bioloxía](#) conta cun proceso estratéxico PE-02, *Revisión e Mellora* que facilita o seguimento anual dos distintos títulos. As Comisións de Título son as encargadas de analizar o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos; concretamente fan o seguimento da adecuación das actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación ao descrito nas memorias verificadas, analizan os perfís de ingreso/egreso, os mecanismos e actividades de coordinación e os resultados de aprendizaxe. Os informes destes seguimentos trasládanse á CCC, que os revisa e analiza, e aproba as accións de mellora derivadas. Todas as actividades das Comisións de Título e da CCC quedan recollidas nas actas das súas reunións.

O sistema é eficaz no caso dos Graos e Másteres da USC, pero existen problemas nas titulacións interuniversitarias como pode ser o Máster de Neurociencia. Así, en relación coa adecuación e eficacia dous mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese, aínda que nos últimos anos estase a facer un esforzo dende as oficinas de calidade de cada unha das universidades participantes no título co establecemento de ditos mecanismos, estes son insuficientes. Algo que facilitaría, tanto á coordinación do título como á

comisión académica, a análise/ interpretación dos resultados sería a homoxeneidade no formato das enquisas dos grupos de interese, e facilitar datos globais do título (número de alumnos total matriculados, taxas de éxito, .....), co fin de acadar unha maior eficiencia e calidade. Tamén sería importante que diversos aspectos relacionados co desenvolvemento do título (datas de preinscripción, datas de matrícula, datas para realizar cambios na matrícula, periodos de lectura de traballos fin de máster, e periodos de apertura e peche de actas, ...) fosen o máis homoxéneos posíbel; os vicerreitorados con competencia en cada unha das universidades terían que valorar a necesidade de unificar diversos aspectos relacionados co desenvolvemento dos títulos. Polo xeral, a falta de unificación institucional nos aspectos mencionados anteriormente xeran confusión no alumnado matriculado en cada unha das universidades. Esta é unha petición que se ten feito de maneira reiterada e insistente dende a Facultade cada vez que temos a oportunidade de tratar o tema cos membros dos equipos reitorais, e imos apreciando certos cambios na dirección correcta, aínda que sexan máis lentos do que cremos convinte para acadar unha maior eficiencia na coordinación.

#### • **Análise das accións desenvolvidas nos programas formativos impartidos na Facultade de Bioloxía no curso 2020/21**

O máis salientable no desenvolvemento dos programas formativos no curso 2020/21 foi a modificación da docencia como resultado da situación de pandemia xerada pola COVID-19. Así, no Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020 se aprobaron as Bases para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021, que se concretaron por medio dunhas Directrices nas que se contemplaron tres posibles escenarios para o inicio e desenvolvemento do curso académico en función da evolución da situación sanitaria: normalidade adaptada, distanciamento e peche das instalacións. Deste xeito, a docencia na Facultade comezou no escenario de normalidade adaptada. Toda a docencia expositiva fíxose en remoto de xeito síncrono a través da aplicación MS-teams segundo o horario previsto na meirande parte das materias. No caso de non poder realizar sesións en directo, os materiais empregados para a docencia expositiva (power points locutados, imaxes, apuntamentos) debían estar dispoñibles no campus virtual ao inicio da sesión, no horario previsto, de xeito que o alumnado dispuxese do material e poidese traballar con el seguindo o seu horario ao longo de cada xornada de traballo. En compensación favoreceuse a presencialidade no resto das actividades docentes (interactivas), especialmente seminarios e prácticas, xa que as titorías seguiron sendo en remoto. Os seminarios foron presencias en aulas grandes (para evitar a formación de quendas) no caso daquelas materias que solicitaran semipresencialidade no escenario 2, pero respectouse a impartición de seminarios virtuais a aqueles coordinadores de materias que asó o solicitaron no seu momento. Favoreceuse tamén a presencialidade nas prácticas de ordenador e nas prácticas de laboratorio, se ben se fixo unha redución de número de prácticas ou ben de número de horas en cada práctica para reducir o número de alumnos nos laboratorios. Por outra banda, a primeira semana do segundo cuatrimestre (febreiro de 2021) non houbo clase seguindo a instrución do Reitorado da USC pola que dispoñíase *“o inicio das clases do segundo semestre no nivel de educación universitario o 8 de febreiro e a súa impartición mediante docencia virtual, cando menos, ata o 17 de febreiro, sen prexuízo do seguimento da evolución epidemiolóxica que determinará o período de vixencia”*. Polo tanto, a docencia do 8 ao 17 non foi anulada senón adaptada a escenario 3 (todo virtual) e adecuouse ao que poñía nas guías para este escenario. O cambio na situación da pandemia posibilitou que en setembro de 2021 a docencia para o curso 2021/2022 comezase soamente para as titorías de xeito virtual durante a primeira semana do curso, pasando todas as actividades a presencias pasado ese primeiro momento, salvo algunhas excepcións no caso das titorías para algunhas materias. Esta adaptación dos títulos impartidos no centro a unha modalidade mixta telemática/presencial implicou un gran esforzo ao tratarse de títulos experimentais. A adaptación das clases expositivas foi moito máis sinxela que a das clases interactivas. Os problemas xurdiron sobre todo coa dificultade que tiña parte do alumnado para seguir a docencia telemática debido a problemas relacionados coas conexións a internet e/ou cos equipos informáticos pessoais. Dende o Centro atendéuse ao alumnado, seguindo prestando os equipos portátiles dispoñibles como informando das axudas que ofrecía a USC para préstamos de material informático e para a mellora das conexións á rede.

Tamén foi necesario acatar as distintas Resolucións Reitorais e Instrucións da Secretaria Xeral e Xerencia na procura de adaptar as distintas actividades docentes á nova situación de crise sanitaria:

#### **Directrices e Resolucións Reitorais (RR)**



- **Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021 do Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020**, nas que se explicitan as bases de planificación cara a unha docencia presencial segura, con tres posibles escenarios para o inicio e desenvolvemento do curso académico 2021-2021 en función da evolución da situación sanitaria: normalidade adaptada, distanciamento e peche das instalacións. Tamén se explican as medidas de adaptación da docencia e se dan recomendacións, entre outras, sobre a planificación académica e a programación das materias (guías docentes) do curso 2020-2021.
- **Resolución Reitoral do 22 de xuño de 2020** pola que se establecen medidas de prevención e contención para o desenvolvemento da actividade na Universidade de Santiago de Compostela, derivadas da fin do estado de alarma na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Resolución Reitoral do 2 de setembro de 2020** pola que se dispoñen medidas fronte á COVID-19 para o inicio do curso 2020-2021. Nela se definen as responsabilidades, as canles de comunicación e as medidas concretas para o desenvolvemento da docencia presencial e de actividades e servizos relacionados, así como para a transición entre escenarios.
- **Resolución Reitoral do 19 de xaneiro de 2021** pola que se autoriza a defensa ante o titor ou titora dos traballos de fin de grao no curso 2020-2021.
- **Resolución Reitoral do 1 de setembro de 2021** pola que se dispoñen medidas fronte á COVID-19 para o inicio do curso 2021-2022.

#### Instrucións da Secretaría Xeral e de Xerencia

- **Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral do 17 de setembro de 2020** pola que se establecen medidas para un uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020/2021.
- **Instrución 7/2020 da Secretaría Xeral do .....** sobre cambio nas datas de realización de exames por incidencia da COVID-19
- **Instrución da Xerencia de 27 de xaneiro de 2021** pola que se dispoñen medidas para a aplicación da orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se dispoñen medidas para a aplicación da orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma Galega.

#### Grao en Bioloxía (GB; primeira e segunda edición)

O plan de estudos correspondente a primeira edición do Grao en Bioloxía (2501101-Grao en Bioloxía) levouse a cabo de acordo á memoria de verificación do título, que renovou a súa acreditación en xuño de 2017, pero soamente para os cursos segundo, terceiro e cuarto, xa que en maio de 2020 acreditouse a segunda edición do Grao en Bioloxía (2504140-Grao en Bioloxía (2ª ed)). Isto significou que en setembro de 2020 comezou a implantarse este novo Grao en Bioloxía, que rematará dito proceso no curso 2023/2024, momento no cal desaparecerá a primeira edición do Grao en Bioloxía. Isto supón que no curso 2020/2021 o primeiro curso correspondeuse a segunda edición do Grao en Bioloxía, namentres que os tres cursos restantes se correspondían á primeira edición do Grao. Durante o curso 2020-2021 se abordaron modificacións non substanciais no plan de estudos do Grao de Bioloxía como rematar a inclusión de prácticas en todas as asignaturas. Así, na materia de Botánica I: Plantas non vasculares, debido a un erro no proceso de gravación da memoria orixinal da titulación, non se introduxeron 14 horas de interactivas de laboratorio, que si estaban orixinalmente plantexadas nas fichas das materias, polo que se tivo que facer esa modificación non substancial no curso 2020-2021 para que os alumnos tivesen ditas prácticas.

#### Cumprimento das guías docentes

Seguindo o proceso clave PC-02 *Planificación das ensinanzas*, as Guías Docentes das distintas materias son elaboradas polo profesorado encargado da súa docencia e revisadas polos coordinadores/as de curso e de título e aprobadas pola

Comisión de Título e a Xunta de Facultade. Foi necesaria a modificación das guías docentes para adaptalas a supresión das actividades presenciais e aos distintos escenarios previstos seguindo as Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021 do Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020. Pese ás especiais condicións do curso 2020/2021, o indicador IN46G (satisfacción do alumnado coa docencia recibida) amosa unha valoración media de 3,97 sobre 5, cunha lixeira tendencia a alza dende o curso 2015/2016. O grao de cumprimento das programacións docentes foi elevado, tal e como indican os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF.13) que realiza a ACMP. Así na enquisa o ítem “Os *contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19*” ten un valor de 4,18 sobre 5 (participación 42,21%).

#### **Procedementos de coordinación**

Os procedementos de coordinación están perfectamente establecidos (PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas*), os/as coordinadores/as dos distintos cursos xunto co/a coordinador/a do grao teñen un papel activo na planificación e seguimento das actividades docentes. Os coordinadores realizan a enquisa de percepción sobre o desenvolvemento da docencia das materias (Protocolo do SGC do centro), que tivo que se modificada para adaptala as condicións da pandemia. O bo funcionamento dos procedementos de coordinación queda reflectido nos resultados dos informes das enquisas realizadas ao profesorado. Así no curso 2019/20, na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (participación 38,46%) o ítem “a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?” presenta un valor de 3,84 (sobre 5) no curso 2020/2021, mellorando algo con respecto ao curso 2019/2020 (3,80). Ademais, na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación do curso 2020/2021 (participación 28,26%) o ítem “as e os docentes estamos coordinados na organización do título?” presenta un valor de 3,88 sobre 5, o que supuxo un descenso en comparación co curso previo (4,23). No curso 2020/21 non se produciron incidencias salientables na coordinación do grao; a maioría das queixas do alumnado estiveron relacionadas coa dificultade para seguir a docencia telemática debido a problemas relacionados coas conexións a internet ou coa preocupación sobre o proceso de avaliación.

#### **Análise do perfil real de ingreso/egreso**

O Grao de Bioloxía ten un bo nivel de demanda. Dende a súa implantación sempre se cubriron a totalidade das prazas ofertadas, polo que consideramos que está actualizado e mantén a súa relevancia. O perfil de ingreso do alumnado que accede ao Grao de Bioloxía é adecuado, tal e como se pon de manifesto ao analizar os datos dos indicadores que suministra a ACMP e os resultados da enquisa levada a cabo dende o centro (protocolo do SIG da Facultade de Bioloxía). No curso 2020-2021 a Facultade de Bioloxía ofertou 100 prazas para cursar a segunda edición do Grao de Bioloxía, as que hai que surmarlles as correspondentes ao Dobre Grao Química-Bioloxía; todas as prazas foron cubertas e o número final de matriculados foi de 101 (IN02G), namentres que se ofertaron 0 prazas no primeiro curso do Grao en Bioloxía (1ª ed). Para as 100 prazas ofertadas no primeiro curso da segunda edición do Grao en Bioloxía houbo 983 solicitudes, 145 admitidos e 100 matriculados, o 65% delas mulleres segundo os datos da CIUG (INF.CIUG). A maioría do alumnado matriculado (99%) procede da cota xeral (91% do Bacharelato (LOMCE), e 9% de FP), e examinouse da proba de avaliación para o acceso á universidade (ABAU). A nota media de acceso por preinscrición do Grao en Bioloxía da USC foi de 11,68 (IN06G). Tendo en conta a evolución da nota media de acceso por preinscrición nos últimos anos no Grao (2015/2016, 10,01; 2016/2017, 10,60; 2017/2018, 10,80; 2018/2019, 10,98; 2019/2021, 11,01) está claro que segue a tendencia a alza na nota previamente detectada. A porcentaxe de alumnos/as matriculados que seleccionaron o Grao en Bioloxía da USC como primeira opción foi do 63% (fonte: CIUG). Estes datos apoian a adecuación do perfil de ingreso do alumnado que accede ao Grao de Bioloxía. Finalmente, sinalar que a maioría do alumnado matriculado no Grao de Bioloxía procede de Galicia (94,9% no curso 2021/2021).

O alumnado admitido que se matricula por primeira vez é recibido nunha “xornada de acollida”. Nesta xornada se lles explica o funcionamento do Centro e se lles realiza unha enquisa (Protocolo do SGC do Centro) para mellorar o coñecemento sobre o seu perfil de ingreso. Os resultados da enquisa de perfil de ingreso para o curso 2020/21 indican que o alumnado que accede ao Grao en Bioloxía e ao Dobre Grao Bioloxía-Química que se imparten na Facultade de Bioloxía cursou maioritariamente as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas I, Bioloxía, Química e Matemáticas II. Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na ABAU que adoitan ser Bioloxía, Química e Matemáticas, nas que aproban mais do 91% e presentan unhas notas cuio valor da mediana corresponde a unha cualificación de notable, salvo excepcións. Tamén, que un 9% dos/as alumnos/as que acceden ao Grao en Bioloxía no curso 2020/2021 pode presentar carencias formativas en Química.

A taxa de transición de estudantes de grao a máster (IN52) foi do 38,3% para o curso 2019/2020, o que melloraba en máis de 13 puntos porcentuais a do curso 2018/19. Respecto aos alumnos/as egresados/as no curso 2020/2021, non se dispón de dita información, xa que o indicador IN52 non está presente no informe de indicadores. Sen embargo, os datos da enquisa de satisfacción de egresados/as (INF.09; participación: 11,61% primeiro semestre, 10,3% segundo semestre) indican que o 4,55% e 3,13% tiveron como última titulación que estudaron o Grao de Bioloxía. Un 13,64% (primeiro semestre) e un 23,87% (segundo semestre) continúan os seus estudos na universidade de Santiago, e o 6,82% (primeiro semestre) e o 31,71% (segundo semestre) está a estudar un mestrado. Dende o Centro podemos acceder á información dos/as egresados/as que cursan estudos de máster na USC. No curso 2020/2021 completaron a súa formación realizando un máster na USC 49 graduados en Bioloxía pola USC. Estes/as alumnos/as cursaron os seguintes másteres (ordeados de maior a menor porcentaxe de alumnos procedentes da Facultade de Bioloxía da USC): Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre (6/10; 60%), Máster Universitario en Xenómica e Xenética (6/14; 42,85%), Máster Universitario en Investigación Biomédica (5/16; 31,3%), Máster Universitario en Acuicultura (2/7; 28,6%), Máster Universitario en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos (4/16; 25%), Máster Universitario de Profesorado (Santiago) (8/37; 21,6%), Máster Universitario en Neurociencia (4/20; 20%), Máster Universitario en Bioloxía Mariña (1/6; 16,7%), Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (3/19; 15,8%), Máster Universitario en Técnicas Estatísticas (4/26; 15,4%), Máster Universitario de Profesorado (Lugo) (3/20; 15%), Máster Universitario en Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais (1/10; 10%), Máster Universitario en Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais (1/10; 10%), Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento (1/11; 9,1%) e Máster Universitario en Saúde Pública (1/19; 5,3%),

Os estudos sobre empregabilidade son difíciles de obter e escasos. Os datos máis recentes sobre inserción laboral dos/as egresados/as suministrados pola ACMP (Fonte: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIU - Ministerio de Educación) presentan a afiliación a seguridades social dos egresados da cohorte 2013/14 nos catro anos seguintes a finalización dos estudos. Concretamente, dos graduados en Bioloxía pola USC no curso 2013/14, estaban afiliados á seguridade social un ano despois de egresar (marzo de 2015) o 7,4%, dous anos despois de egresar (marzo de 2016) o 33,8 %, tres anos despois de egresar (marzo de 2017) o 61,8%, e catro anos despois de egresar (Marzo de 2018) o 69,1%.

Ademais, a ACSUG publica periodicamente os resultados da Enquisa de Inserción Laboral dos Titulados do SUG. Os últimos datos correspondentes á situación dos egresados do Grao en Bioloxía da USC no curso 2013/14 indican que o 73,68% deles traballaba en agosto de 2017, valor superior aos correspondentes aos egresados dos Graos en Bioloxía das Universidades de A Coruña (60,87%) e Vigo (46,43%), así como aos valores da media para egresados dos graos en ciencias, tanto da USC (67,8%) como do SUG (66%). A enquisa tamén indica que mais da metade (55,26%) continúan a realizar estudos universitarios, maioritariamente de doutoramento (71,34%); e que o 18,42% están preparando oposicións. Respecto ao traballo, a maioría están contratados por conta allea (96,43%) e son eventuais (48,15%) ou están disfrutando dunha bolsa (33,3%), cun salario neto mensual de 979,63 euros. A maioría dos egresados que traballan desenvolven funcións de nivel universitario (67,86%) e, ademais, no 89,47% dos casos son específicas da titulación. Finalmente indicar que, segundo os datos da enquisa da ACSUG, a satisfacción dos egresados coa titulación, o centro e a universidade é moi elevada, xa que o 90,91% deles indican que volvería a cursar o Grao en Bioloxía na Facultade de Bioloxía da USC.

En canto ao Máster de Neurociencia, segundo os datos facilitados pola USC que corresponden a unha mostra de 12, a porcentaxe de estudantes que cursaron o Máster de Neurociencia que traballa na actualidade e dun 66.7%, e o tempo medio (en meses) transcorridos dende que finalizou o máster ata que atopou o seu primeiro emprego foi de 8 meses. En relación co tempo (en meses) que os egresados traballaron nun emprego relacionado co máster, un 36.4% traballaron menos de seis meses; un 9.1% de seis meses a un ano; un 27.3% de un a dous anos; e un 27.3% de dous a tres anos. Como se recolle na web propia do máster dende o curso 2011/12 ata o curso 2020/21, mais de 200 alumnos obtiveron o título de mestrado en Neurociencia, polo tanto consideramos que cos datos facilitados non se pode facer ningunha análise sobre o histórico/evolución da inserción laboral.

### Resultados das materias

No informe de porcentaxe de superación de materias do curso 2020/21, realizado seguindo o Protocolo do SGC do centro,

o promedio (ponderado polo número de créditos) de alumnos/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao de Bioloxía 1ª edición das que se matriculan foi, dende o inicio dos estudos, do 72,9%. Esta media variou desde o curso 2009/10 ata o 2020/21 da seguinte forma: 60,8% (09/10), 60,3% (10/11), 60,6% (11/12), 69,5% (12/13), 69,5% (13/14), 70,2% (14/15), 69,3% (15/16), 74,7% (16/17), 75,9% (17/18), 77,2% (18/19), 90,6% (19/20) e 78,6% (20/21). Este valor non é comparable no tres primeiros anos, xa que corresponden a un (primeiro), dous (primeiro e segundo) ou tres (primeiro, segundo e terceiro) cursos de impartición, mentres que a partir do curso 2012/13 xa corresponde aos catro curso do grao. O valor é estable nos tres primeiros cursos aumentado de forma clara, en máis dun 10%, ao empezar a impartirse cuarto. A partir deste curso mantense estable ao redor do 70% ata o curso 2015/2016. Nos cursos académicos 2016/17, 2018/19 e 2020/21 observase un importante incremento, tomando valores entre o 75% casi o 79%. No caso do curso 2020/21 temos que considerar ademáis que xa non se imparte o primeiro curso. O valor tan elevado do curso 2019/2020 está relacionado coa pandemia que obrigou a que a docencia do segundo semestre e o proceso de avaliación foran telemáticos. Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar as porcentaxes de superación das materias para cada curso académico e por curso do grao. Así, como acabamos de dicir, as porcentaxes de superación no curso académico 2019/20 son moi superiores que nos restantes cursos académicos, pero isto é especialmente importante nos tres primeiros cursos do grao. Os resultados do curso 2020/21 para os tres primeiros cursos do Grao en Bioloxía (primeira edición) son similares aos obtidos nos cursos 2016/17 a 2018/19, acadando un valor en 2º do 74% e do 75% en 3º curso de grao e mantendose a tendencia de lixeiro incremento con respecto a cursos anteriores previamente observada. Cuarto curso presentou un valor do 87%, seguindo a ser o máis estable de todos os cursos académicos, cun menor valor dispersión interanual. Se aumentamos aínda máis o detalle, no segundo curso as porcentaxes de superación da maioría das materias (excepto Bioloxía do desenvolvemento, Botánica I e Zooloxía I) foron bastante menores que no curso previo 2019/20. A materia Zooloxía I mellorou moito os resultados nos dous últimos cursos, namentres que en segundo as materias Xenética I e Bioquímica II presentaron valores de superación por debaixo do percentil do 20%, aunque moi preto do límite. En terceiro todas as materias presentaron valores de superación inferiores aos do curso 2019/20, que no caso das taxas de superación de Fisioloxía Vexetal I e II fixo que os seus valores fosen inferiores aos do percentil do 20%. No caso de cuarto do Grao en Bioloxía (1ª ed), destaca sobre todo Bioloxía Molecular por presentar unha moi baixa taxa de superación, sendo a única materia do grao por debaixo do percentil do 10%. As outras materias obrigatorias de cuarto e as optativas máis relacionadas co medio natural presentan taxas de superación elevadas e próximas ao valor da media dos distintos cursos, non apreciándose diferencias importantes entre os resultados do cursos 2019/20 e 2020/21. No caso das restantes materias optativas, na maioría delas obsérvase un descenso importante das taxas de superación do curso 2020/21 respecto as do 2019/20, destacando o caso de Bioquímica Clínica e Patoloxía Molecular, Enxeñaría Xenética e Parasitoloxía. De forma xeral, no curso 2020/21, a volta a “nova normalidade” permitiu que tanto unha parte importante da docencia como o procesos de avaliación se realizara de modo presencial o que provocou un descenso importante na porcentaxe de alumnado que superou as distintas materias. Como xa se comentou, no curso 2020/21 comenzouse a impartir a 2ª edición do Grao en Bioloxía, como a implantación é gradual, neste curso académico só se impartiron as materias de 1º curso. O promedio de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do primeiro curso foi do 75%. As materias que presentaron os mellores resultados académicos, con porcentaxes de superación >80%, foron Caracterización do medio físico, Matemáticas e Bioestatística, namentres que as de peores resultados foron Bioloxía dos tecidos e órganos e Bioquímica I, a primeira delas con taxas de superación por debaixo do percentil do 10% e a segunda por debaixo do percentil do 20%. Polo tanto, a pesar da redución das porcentaxes de superación en moitas materias no curso 2020/21 en comparación co 2019/20, ningunha das materias do Grao en Bioloxía (1ª e 2ª edición) entrou en alarma temperá (criterio incluído no SGC da Facultade de Bioloxía; se activa cando unha materia acada valores < percentil do 20% durante dous anos consecutivos), pero haberá que prestarlle atención a evolución no curso 2021-2022 das seguintes materias do Grao: 1º curso, Bioloxía dos tecidos e órganos e Bioquímica I; 2º curso, Bioquímica II e Xenética I; 3º curso, Fisioloxía Vexetal I e Fisioloxía Vexetal II; 4º curso, Bioloxía Molecular. Finalmente, as baixas porcentaxes de superación de algunhas das materias (Bioloxía dos tecidos e órganos e de Bioquímica I) do Grao en Bioloxía 2ª edición no curso 2020/21 vai afectar aos valores das distintas taxas (“taxa de graduación”, “taxas de avaliación”, “taxas de rendemento”, ...) coas que se avalían os títulos polos que compre tomar medidas que permitan unha Mellora dos resultados.

Por outra banda, o centro tamén realiza o “informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia”, que forma parte do SGC da Facultade de Bioloxía da USC. A diferenza entre grupos na porcentaxe de non presentados só superou o percentil 99 do histórico de diferenzas en Bioloxía Molecular, materia que é impartida nos dous grupos polo mesmo profesor. No curso 2020/21 comenzouse a impartir o Grao en Bioloxía 2ª ed., de maneira que primeiro curso cúrsase seguindo ese plan mentres que os cursos segundo, terceiro e cuarto continúanse impartindo seguindo a

primeira edición. No caso das materias do Grao en Bioloxía 1ª edición, obsérvanse diferenzas significativas entre grupos nas distribucións das cualificacións en catro materias, a metade das cales son impartidas polo mesmo profesorado (Xenética Evolutiva e Redacción e Execución de Proxectos) e as outras dúas por distinto profesorado (Zooloxía I e II). Dúas das materias son de segundo curso (Zooloxía I e II), unha de terceiro (Xenética Evolutiva) e a outra de cuarto curso (Redacción e Execución de Proxectos). A única materia do Grao en Bioloxía 2ª edición que presenta diferenzas significativas entre o grupo A e o grupo B nas distribucións das cualificacións é Caracterización do Medio Físico, unha materia que é impartida polo mesmo profesorado en ambos os dous grupos. Na información suministrada pola ACMP (INF 17), destaca a baixa taxa de éxito (< 70%) das seguintes materias (ordeadas de menor a maior): Bioestatística (50%), Matemáticas para Bioloxía (60%), Bioquímica II (60,87%), Fisioloxía Vexetal II (60,61%), Fisioloxía Vexetal I (61,06%), Xenética I (62,12%), Bioloxía da Célula (63,41%), Química para Bioloxía (66,67%), Bioloxía Molecular (67,31%), Xenética Evolutiva (68%) e Xenética II (68,75%).

### Resultados do título

Os valores da taxa de rendemento (indicador IN34G: relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon; 75,31%), taxa de éxito (indicador IN35G: relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron; 82,81%), taxa de avaliación (indicador IN36G: relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados; 90,95%) son, para o curso 2020/2021 inferiores aos do curso previo 2019/2020, no que houbo a situación de confinamento debido a pandemia da COVID-19. Polo tanto, os resultados entre 2019/2020 e 2020/2021 non resultan tan comparables, xa que os elevados incrementos no curso 2019/20 parecen estar máis ben relacionados co sistema de avaliación que se estableceu debido as condicións de crise sanitaria (maior peso da avaliación continua e exámes telemáticos). En cambio, os resultados destes indicadores (IN34G, IN35G, IN36G) foron equivalentes ao do curso inmediatamente anterior ao da situación da pandemia (2018/2019), o que supón que se segue coa mellora nos valores dos indicadores mencionados que xa se viña observando nos últimos cursos, probablemente debido a mellora no rendemento do alumnado que accede ao título. En canto a taxa de graduación (indicador IN37G: relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis, e a súa cohorte de ingreso), esta é a primeira vez que acadamos unha taxa de graduación (60,19%) lixeiramente superior á que presenta a memoria do grao (60%) (Táboa 2), se ben é certo que están moi por baixo das obtidas nos másteres impartidos na Facultade que presentan taxas de gradación superiores ao 80%.

Polo contrario, a taxa de abandono durante o primeiro curso (indicador IN40G: relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X) descendeu en relación co curso 2019/2020, volvendo a valores similares aos detectados en 2018/2019 (15,22) mentres que e a taxa de abandono do RD 1393/2007 (indicador IN41G: relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior) elevouse en comparación co curso 2019/2020 (Táboa 2) e presentou un valor lixeiramente superior o que presenta a memoria do grao (20%); non obstante, dentro da serie histórica é o cuarto menor valor acadado. En relación coa duración media dos estudos (indicador IN38G: duración media -en anos- na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos), este sufriu un descenso ata os 5 anos.

Táboa 2. Evolución dos valores das taxas de rendemento, éxito, avaliación, graduación, abadono (1º curso, e RD 1393/2007), así como a duración media dos estudos para o Grao en Bioloxía. Fonte da información: ACPM

	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
Taxa de rendemento (%) IN34G	67,5	68,5	67,4	72,74	72,4	74,5	89,7	75,3
Taxa de éxito (%) IN35G	76,6	76,2	76,9	80,6	80,9	82,5	94,2	82,81
Taxa de avaliación (%) IN36G	88,1	90	87,6	89,4	89,5	90,3	95,2	90,95
Taxa de graduación (%) IN37G	35,5	39,0	45,4	43,6	43,3	44,5	58,3	60,19
Taxa de abandono no 1º curso (%) IN40G	19,9	15	16,4	12,3	12,5	14,8	17,1	15,22
Taxa de abandono RD 1393/2007	20,6	38,4	27,0	28,6	20,9	23,3	18,3	21,30
Duración media dos estudos (anos) IN38G	4,3	4,8	4,8	5,1	5,1	5,2	5,3	5

Como acabamos de dicir, a taxa de graduación (aínda superando o valor previsto mínimo do 60%) é baixa, mostrando unha desviación da previsión inicial. Esta cuestión foi indicada no seu momento no “INFORME PROVISIONAL DE EVALUACIÓN PARA LA RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN”. Seguindo as recomendacións do mencionado informe abordouse un estudo tendente a identificar as causas subxacentes a esta baixa taxa de gradación e a elevada duración media dos estudos. Isto levounos a facer unha análise detallada das causas que poden incidir nelas, e á inclusión do Protocolo “Informe das materias suspensas polas que os alumnos/as non defenden o Traballo de Fin de Grao (TFG)” no SGC do Centro. A finalización dos estudos a marca a defensa do TFG, para o cal é necesario ter superados todos os créditos necesarios para a obtención do título (agás os correspondentes ao propio traballo). Deste xeito, é interesante coñecer cales son as materias cuxa dificultade na súa superación atrasa a defensa do TFG, alongando a finalización dos estudos, diminuíndo a taxa de graduación e aumentando a duración media dos estudos. Obviamente o problema é máis complexo, e no mesmo incide tamén a porcentaxe de alumnos/as que superan cada materia, xa que o número de alumnos que chegan a matricularse do TFG no ano que lles corresponde é baixo. No curso 2021/2022, quince repiten cunha materia, trece deles (86,7% dos repetidores) con Bioloxía Molecular, un con Xenética Evolutiva (6,7%) e outro con Fisioloxía Vexetal I (6,7%). Doce alumnos repiten con dúas materias, nove deles con Bioloxía Molecular (75%), tres con Fisioloxía Vexetal II (25%) e con Edafoloxía (25%) e o resto con outras materias diferentes. Catro alumnos repiten con tres materias, todos se matricularon de Bioloxía Molecular (100%) e doutras materias que non se repiten. Dous alumnos repiten con catro materias, todos con Bioloxía Molecular, Xenética Evolutiva e Inmunoloxía, ademáis doutra materia que non se repiten. Isto vense a repetir no histórico (2013/14-2021/22), polo que parece que a materia de Bioloxía Molecular segue sendo o principal escollo para a finalización dos estudos de grao, porque aínda que os resultados melloraron sustancialmente no curso 2019/20 (taxa de superación de Bioloxía Molecular – 90%), probablemente como resultado da avaliación telématica, no curso 2020/21 a taxa de superación volveu a ser moi baixa (54%), o que afecta a posibilidade de lectura do TFG. En conclusión, a materia que supón o maior problema para que os alumnos poidan defender o TFG é Bioloxía Molecular, un importante freo polo tanto para mellorar a taxa de gradación. No obstante, esta materia ten unha porcentaxe de superación que, respecto doutras materias do Grao en Bioloxía, non é o máis baixo, xa que outras materias de cursos anteriores teñen (ou tiveron) peores porcentaxes. Sen embargo, parece ser que o problema particular da materia Bioloxía Molecular é que é unha materia obrigatoria de cuarto curso de grao, e polo tanto os/as alumnos/as soamente teñen exclusivamente dúas oportunidades para superala. Se esta materia estivese nun curso anterior, como sí ocorre na segunda edición do Grao en Bioloxía (está en terceiro) non suporía un escollo tan importante para a defensa do TFG. Pola contra, a media da porcentaxe de alumnos que superan o resto das materias de cuarto é superior ao 85%, o que facilita, salvo excepcións, que os alumnos poidan defender o TFG no ano que cursan cuarto curso.

### Grao en Biotecnoloxía (GBT)

O plan de estudo do Grao de Biotecnoloxía estase a implantar de acordo á memoria de verificación do título (actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, ...) e os pequenos axustes que se van realizando recóllense no apartado de modificacións do plan de estudos na Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía. A titulación comezou a impartirse no curso 2018/19 e, como a implantación é gradual, no curso 2020/21 só houbo docencia de primeiro, segundo e terceiro curso. No próximo curso (2021/2022) rematarase a implantación do Grao en Biotecnoloxía, no que aparecerá un cuarto curso con materias optativas transversais ou vinculadas ás mencións de Biotecnoloxía Sanitaria, Biotecnoloxía Industrial, ou Biotecnoloxía Agroalimentaria, as prácticas externas e o traballo fin de grao. No curso 2020-2021, ademáis se abordaron modificacións non substanciais no plan de estudio como a inclusión de prácticas de campo no Grao de Biotecnoloxía.

A docencia desenvolveuse sen problemas importantes a pesares da pandemia relacionada coa COVID-19. Así, a docencia na Facultade comezou en setembro de 2020 no escenario de normalidade adaptada. Toda a docencia expositiva fíxose en remoto de xeito síncrono a través da aplicación MS-teams segundo o horario previsto na meirande parte das materias. Favoreceuse a presencialidade no resto das actividades docentes (interactivas), especialmente seminarios e prácticas, xa que as titorías seguiron sendo en remoto. Os seminarios foron presenciais en aulas grandes (para evitar a formación de quendas) no caso daquelas materias que solicitaran semipresencialidade no escenario 2, pero respectouse a impartición de seminarios virtuais a aqueles coordinadores de materias que así o solicitaron no seu momento. Favoreceuse tamén a presencialidade nas prácticas de ordenador e nas prácticas de laboratorio, se ben se fixo unha redución de número de

prácticas ou ben de número de horas en cada práctica para reducir o número de alumnos nos laboratorios. Na primeira semana do segundo cuatrimestre (febreiro de 2021) non houbo clase seguindo a instrución do Reitorado da USC pola que dispoñíase “o inicio das clases do segundo semestre no nivel de educación universitario o 8 de febreiro e a súa impartición mediante docencia virtual, cando menos, ata o 17 de febreiro, sen prexuízo do seguimento da evolución epidemiolóxica que determinará o período de vixencia”. Polo tanto, a docencia do 8 ao 17 non foi anulada senón adaptada a escenario 3 (todo virtual) e adecuouse ao que poñía nas guías para este escenario. O cambio na situación da pandemia posibilitou que en setembro de 2021 a docencia para o curso 2021/2022 comezase soamente para as titorías de xeito virtual durante a primeira semana do curso, pasando todas as actividades a presencias pasado ese primeiro momento salvo algunhas excepcións no caso das titorías para algunhas materias. Esta adaptación dos títulos impartidos no centro a unha modalidade mixta telemática/presencial implicou un gran esforzo ao tratarse de títulos experimentais.

### **Cumprimento das guías docentes**

O desenvolvemento das actividades formativas das materias recóllense nas Guías Docentes, onde se indican os obxectivos, contidos, bibliografía (básica e complementaria), competencias, metodoloxía do ensino, sistema de avaliación, tempo de estudo e traballo persoal e recomendacións para o estudo. As Guías Docentes son elaboradas polo profesorado encargado da súa docencia, revisadas polos coordinadores/as de curso e de título, e aprobadas pola Comisión de Título e a Xunta de Facultade (proceso clave PC-02 Planificación das ensinanzas do SGC). Foi necesaria a modificación das guías docentes para adaptalas a supresión das actividades presencias e aos distintos escenarios previstos seguindo as Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021 do Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020. Pese ás especiais condicións do curso 2020/2021, o indicador IN46G (satisfacción do alumnado coa docencia recibida) amosa unha valoración media de 3,93 sobre 5, que aínda que é lixeiramente inferior ao curso 2019/2020 segue a manter a pequena tendencia a alza dende o curso 2018/2019. O grao de cumprimento das programacións docentes foi elevado, tal e como indican os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realiza a ACMP (indicador INF13). Así, na enquisa o ítem “Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19” ten un valor de 4,22 sobre 5 (participación 63,76%).

### **Procedementos de coordinación**

Os procedementos de coordinación están establecidos no SGC (PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas). No centro estanse a facer esforzos importantes no establecemento dos procedementos de coordinación e no seu cumprimento, e os resultados das enquisas son bos; así, para o curso 2020/21, na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14; participación 41,18%) o ítem “a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?” ten unha valoración de 3,43 (sobre 5), aínda que algo máis baixa que no curso anterior. Por outro lado, na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23; participación 36.76%) o ítem “as e os docentes estamos coordinados na organización do título?” presenta un valor de 3.72 (sobre 5), un bo valor aínda que novamente reducido en relación co curso anterior.

### **Análise do perfil real de ingreso/egreso**

Como xa sucedera nos cursos 2018/19 e 2020/2021, ao ser unha titulación con elevada demanda nas universidades españolas e recente no SUG, as solicitudes foron numerosas. No curso 2021/22 presentáronse un total de 808 solicitudes (782 correspondentes a cota xeral -alumnos/as procedentes do bacharelato e de formación profesional) para cubrir as 50 prazas ofertadas (datos da Comisión Interuniversitaria de Galicia; INF.CIUG). Dos/as 50 alumnos/as que finalmente accederon ao grao, 48 (96%) procederon da cota xeral e os 2 restantes (4%) entraron pola cota de discapacitados; dentro dos estudantes que entraron pola cota xeral, a gran maioría (98%) procedían do Bacharelato e superaron as probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), e o 2% restante de Formación Profesional. A nota media de acceso por preinscrición foi de 13,10, amosando unha evolución ascendente dende o curso 2018/19 ata o curso 2020/2021 (12,56→12,78→13,10); a nota de corte para o acceso no curso 2020/2021 foi de 12,570, a segunda maior nota de corte despois de Medicina (12,750) nas titulacións do SUG, agás as de simultaneidade de estudos. A porcentaxe de alumnos/as matriculados que seleccionaron o Grao en Biotecnoloxía da USC como primeira opción foi do 90% (INF.CIUG), e a porcentaxe de matriculados en 1ª opción respecto as prazas foi do 90% (IN10G). Un 62% dos estudantes foron mulleres, e a maioría procedían de Galicia.

Ao inicio de cada curso académico a Facultade de Bioloxía organiza un acto de acollida para o alumnado de primeiro curso, na que se realizaba a enquisa de perfil de ingreso (Protocolo do SGC). No curso 2020/21 celebrouse o acto de acollida, pero a situación sanitaria debido a pandemia pola Covid-19 non recomendaba a realización da enquisa en papel. O alumnado foi informado do interese que ten a recollida desta información para os procesos de calidade e mellora, así como de que realizaríase de modo virtual a través da plataforma MSForms. Na devandita enquisa consultóuselles sobre a nota de acceso, as materias que cursaran no bacharelato, as materias das que se examinaran na proba xeral e na específica e as cualificacións obtidas, así como a orde de prelación dos grados nos que solicitaron o ingreso e as universidades correspondentes. A enquisa estivo aberta entre o 22 de setembro e o 5 de outubro de 2020 para o alumnado que accedeu no curso 2020/21, contestando 38 alumnos/as de novo ingreso do Grao de Biotecnoloxía, polo que a consideramos representativa. Os resultados máis salientables indican que o alumnado que accedeu ao Grao en Biotecnoloxía cursou maioritariamente Matemáticas I (89%), Física Química (94%) e Bioloxía e Xeoloxía (79%) en 1º curso de bacharelato. En 2º curso, todo o alumnado cursou Matemáticas II e Bioloxía, e o 95% cursou Química. As porcentaxes de alumnos/as que cursaron Ciencias da Terra e do Medio Ambiente, Xeoloxía e Física, son bastante menores (26, 11 e 8% respectivamente). En canto a ABAU, os alumnos examináronse maioritariamente de Matemáticas (100%), Química (95%) e Bioloxía (89%); so o 18% elixiu examinarse de Física. Todos os/as alumnos/as (excepto dous, que suspenderon Química) que acceden ao Grao de Biotecnoloxía superaron Matemáticas, Bioloxía e Química; os resultados de Física foron peores. Respecto as cualificacións dos exames das distintas materias, as medianas son todas superiores a 7,5 puntos sobre 10. Destacan os elevados valores das medianas en Matemáticas e Química (9,5 puntos sobre 10). Polo tanto, podemos concluir que o alumnado que accede ao Grao en Biotecnoloxía cursou maioritariamente as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas I, Bioloxía, Química e Matemáticas II. Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na ABAU que adoitan ser Bioloxía, Química e Matemáticas, nas que aproban a maioría do alumnado e presentan unhas notas cuxo valor da mediana corresponde a unha cualificación de notable alto en Bioloxía sobresaínte en Matemáticas e Química. Isto evidencia o adecuado perfil de ingreso e a boa formación que presenta o alumnado que accedeu ao Grao en Biotecnoloxía no curso 2020/21.

Aínda que para analizar o perfil de egreso temos que esperar a que se implanten todos os cursos da titulación, os datos máis recentes sobre inserción laboral dos/as egresados/as universitarios (informe "Inserción laboral de los egresados universitarios Curso 2013-14 (análisis hasta 2018)" -Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, 2019) indican que o 66% dos Graduados/as en Biotecnoloxía no curso 2013/14 e nas distintas universidades españolas están traballando catro anos despois; ademais, o 77,8 % traballan como titulados universitarios.

### Resultados das materias

Tal e como pode ser consultado no informe de porcentaxe de superación de materias do Grao en Biotecnoloxía para o curso 2020/2021, realizado seguindo o Protocolo do SGC do centro, A media de alumnos/as matriculados/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao das que se matriculan foi do 92%, esta media é similar a do curso anterior 2019/2020 (91,2%) pero aínda máis elevada ca do curso 2018/19 (83,6%), no que só se impartiu 1º curso e no que a docencia foi presencial. Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar as porcentaxes de superación das materias para cada curso académico e curso do grao. A media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do primeiro curso foi, no curso 2020/21, do 88%; e so unha materia (Fundamentos de Procesos Biolóxicos) presentan porcentaxes de superación por debaixo do percentil do 10%; nesta materia a porcentaxe de alumnos/as que a superaron descendeu en 15 puntos porcentuais respecto aos resultados do curso 2019/20. Os resultados da maioría das materias de segundo curso son moi bos, xa que, excepto en Bioquímica II, as porcentaxes de superación son superiores ao 86%. Bioquímica II presenta una porcentaxe de superación por debaixo do percentil do 10%, e a porcentaxe de alumnos/as que a superaron descendeu en 13 puntos porcentuais respecto aos resultados do curso 2019/20. En canto aos resultados das materias de terceiro curso, estes son excelentes, xa que a metade das materias foron superadas por todo o alumnado e, nas seis restantes, a porcentaxe de superación é superior ao 92%. Na información suministrada pola ACMP, no curso 2020/21 todas as materias do Grao en Biotecnoloxía presentaron taxas de éxito (INF 17) superiores ao 80% , de rendemento (INF 18) superiores ao 75%, e de avaliación (INF 19) superiores ao 80%.

### Resultados do título

Os valores da taxa de rendemento (IN34G), taxa de éxito (IN35G) e taxa de avaliación (IN36G) foron do 91,04%, 94,19% e 96.65% respectivamente, valores que están por encima da media dos graos da USC e dos que presenta a memoria do



grao. Non obstante, na análise dos resultados, hai unha cuestión na que temos que estar alerta, relacionada co abandono do alumnado. En aplicación do protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao” a ACMP, unha vez finalizado o primeiro semestre, envía ao centro a información do alumnado que podería estar en risco potencial de abandono por non ter contidos superados nin recoñecidos nese primeiro semestre de docencia. No curso 2020/21 non figuraba ningún alumno/a do grao en Biotecnoloxía con risco de abandono potencial. Sen embargo, a situación cambia en relación ao abandono real. Como non está implantada completamente a titulación, non se poden calcular a taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G; Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior), pero sí a taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G; Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X) a cal ten un valor elevado (20,83%) en comparación coa taxa de abandono prevista na memoria do Grao de Biotecnoloxía (<20%). Esta información sobre o abandono real complementábase coa análise máis pormenorizada realizada no informe de abandono (Protocolo do SGC). Dez dos cincuenta alumnos (20%) que comezaron os estudos en setembro de 2018 non se matricularon de ningunha materia do grao de Biotecnoloxía no curso 2020/21; entre eles incluíanse dous dos alumnos/as en risco potencial de abandono do curso 2018/19. Seis dos 57 alumnos/as que comezaron os estudos no curso 2019/20 (10,5%) non se matricularon no grao no curso 2020/21, e 7 (12,3%) non están matriculados no curso 2021/22. Todos estes valores son superiores ao esperado para alumnado con alto rendemento académico.

### Máster Universitario en Acuicultura

O plan de estudo do Máster de Acuicultura aplícase seguindo a raxatabla á memoria do título actualizada cada ano para axustarse á realidade dos recursos humanos e materiais. O curso baixo avaliación desenvolveuse sen problemas importantes máis alá dos relativos ós esporádicos fallos técnicos que se solucionaron con celeridade. O único que sería reseñable sería á adecuación necesario que tivemos que facer nas materias que coincidiron cos meses de confinamento, que se impartiron por Teams, e para as que se deseñaron videos para substituír as clases prácticas.

### Cumprimento das guías docentes

As guías docentes, debido á COVID, tiveron que adaptarse, á situación pandémica, seguindo ás indicacións da Vicerreitoría con competencias. Máis aló de elo, non oubo incidencias reseñables

### Procedementos de coordinación

Os procedementos seguidos foron os mesmos de sempre, e que se indican claramente na Guía da Titulación:

*Coordinador de cada materia.*- En cada materia consta un coordinador docente, que será un dos profesores da mesma, en caso de que haxa alomenos un profesor dunha das 3 universidades, ou con algún membro da Comisión de Coordinación, en caso de que ningún profesor da materia sexa das universidades participantes. O coordinador da materia se encarga de asegurar o correcto seguimento da guía docente, o correcto reparto de actividades entre os profesores da materia, a correcta impartición por parte dos profesores e a correcta atención aos alumnos. A distribución de coordinadores para cada materia no curso vixente pode atoparse nas guías docentes dispoñibles na web do máster: [http://www.usc.es/macui cg/2011\\_act/es/dmGDoc.php](http://www.usc.es/macui cg/2011_act/es/dmGDoc.php)

*Comisións Académicas.*- En cada Universidade existe unha Comisión Académica (ou Comisión de Titulación, segundo haxa sido nominada en cada universidade), formada maioritariamente por profesores do Máster na Universidade correspondente, que forma parte constituínte da Comisión Académica Interuniversitaria, e cuxa misión é velar pola correcta impartición da docencia segundo Criterios de Calidade dos centros responsables das universidades (ver máis adiante). As comisións académicas do máster en cada unha das 3 universidades se detallan na web do máster: [http://www.usc.es/macui cg/2011\\_act/es/dmcomss.php](http://www.usc.es/macui cg/2011_act/es/dmcomss.php)

*Comisión Académica (ou de Coordinación) Interuniversitaria.*- Co fin de garantir a ecuanimidade e igualdade dos niveis de calidade entre as 3 universidades, así como para asegurar o axeitado funcionamento do máster en todos os sentidos, existe unha comisión de coordinación interuniversitaria, cuxa composición precisa se describeno Convenio

Interuniversitario, estando representados profesores e alumnos do Máster, así como xestores e responsables de calidade. A composición se mostra na web propia do máster: [http://www.usc.es/macuiq/2011\\_act/es/dmcomss.php](http://www.usc.es/macuiq/2011_act/es/dmcomss.php)

*Comisión Permanente.*- Finalmente, co fin de garantir a correcta coordinación co profesorado extrauniversitario e asegurar a correcta impartición dunha docencia de calidade neses centros non universitarios, existe dita Comisión Permanente do Máster (ver web propia: [http://www.usc.es/macuiq/2011\\_act/es/dmcomss.php](http://www.usc.es/macuiq/2011_act/es/dmcomss.php))

*Comisión horizontal.*- Os centros universitarios implicados no Máster (Fac Bioloxía das universidades de Vigo e Santiago, e Fac de Ciencias da universidade de A Coruña) contan cun Sistema de Garantía de Calidade, con procedimentos específicos para a coordinación da actividade docente:

USC: [http://www.usc.es/export/sites/default/ql/centros/bioloxia/descargas/calidade/procesos/PC-09\\_coordinacion\\_actividad\\_docente.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/ql/centros/bioloxia/descargas/calidade/procesos/PC-09_coordinacion_actividad_docente.pdf)

UDC: [http://ciencias.udc.es/images/stories/sjic/procedimientos\\_ciencias.pdf](http://ciencias.udc.es/images/stories/sjic/procedimientos_ciencias.pdf)

UVigo: <http://www.facultadbiologiavigo.es/index.php/calidad-planificacion-y-eees.html>

### Análise do perfil real de ingreso/egreso

No curso 2020-21, todos os alumnos de primeira matrícula viñeron de graos Bioloxía (60%) ou de Ciencias do Mar (40%). Os alumnos do segundo curso finalizaron todos o máster, dentro do curso, independentemente de cal tiña sido o seu perfil orixinal. Neste curso non tivemos ningún alumno de fora do País, e só un foi de fora da CA.




Figura 1.- Procedencia do alumnado do Máster en Acuicultura

A continuación amósase tamén a evolución da taxa de ingreso neste máster




Figura 2.- Ratio de eficiencia no Máster en Acuicultura

### Resultados das materias

Como se observa na seguinte táboa, todos os alumnos superaron as materias en primeira convocatoria no primeiro curso, con medias entre 6,5 e 9,5 segundo a materia. Os alumnos obtiveron medias entre 6,9 e 8,9. Aínda que non se amosa,

realizouse unha avaliación das cualificacións por parte das universidades, e non se atopou ningún sesgo para este criterio

**Táboa 3.- Nota media das materias do Máster en Acuicultura**

	Módulo Básico						Mod- Patología				Cultivo I					Cultivo II					Media					
	Introducción a la acuicultura	Biol. Animales Acuicolas	Biol. Algas	Fisiología Anim Acuic	Genética	Inmunología	Patología en Acuicultura	Diagnóstico de enfermedades	Desarrollo de H de P&C	Herram de Epidemiología	Alimentación y Nutrición	Calidad y Gestión del Agua	Toxicología y Mar Tóxicas	Gestión de empresas	Calidad y Procesamiento	Cultivo de macroalgas	Cult. Microalgas y Zoopl	Cultivo de Peces	Cult. Moluscos Bivalvos	Cult Otros Invertebrados		Mejora Genética	Gestión de recursos	Genómica estruct. y funcional	Aplicaciones Biotecn en Acuic	Desarrollo experimental
Nombre	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26
Aurelio	8,40	5,50	6,60	7,10	5,00	5,24	7,50	7,00			7,00	9,2			8,5		8,5	9,6	9,0							7,50
Luis	8,10	7,50	6,50	7,30	7,00	6,51	8,20	6,40			6,40	9,6			8,2		8,6	9,7	8,5							9,00
Daniel	8,40	7,70	7,20	7,10	8,50	8,25	8,20	6,20			6,20	9,0			8,5		8,6	9,4	8,5							7,50
Cordelia	8,00	5,00	7,20	7,00	5,00	6,66	7,10	5,20			5,20	8,5	8,9		7,8		7,7	9,2	8,5							7,13
Juan Manuel	8,20	8,60	9,00	8,20	7,00	8,46	8,10	8,00			8,00	9,8			8,2		9,3	9,4	9,0							8,50
	8,22	6,86	7,30	7,34	6,50	7,02	7,82	6,56	####	####	6,56	9,22	8,90	####	8,24	####	8,54	9,46	8,70	####	####	####	####	####	8,13	####
Sara	8,60	8,30	5,90	7,10	8,50	7,41	8,10	9,60	9,00		7,30						9,4				7,8	9,0	9,50	9,60		8,34
Pablo	8,30	6,50	8,10	5,90	6,00	8,87	7,10	6,50			6,50	8,6		6,00			9,2	9,8	8,5	7,9						7,58
Elena	8,30	5,70	6,90	6,70	5,00	6,77	7,00	5,80	7,70		7,10	8,5					8,1	9,7	8,5	7,6						7,29
Alba	9,00	7,00	7,20	7,00	6,00	6,40	9,00	8,00	8,10		8,00	8,8					8,2	9,2		7,9	6,4	9,0				7,83
Olatz	7,90	8,00	6,20	5,70	5,00	5,08	6,50	5,00			5,00	9,4	8,2	5,30			8,9	8,8	8,5							6,90
Victor	8,20	8,00	6,80	6,50	5,50	7,00	7,80	5,50			5,50	9,2	8,6	7,50	5,1	8,70	8,3	9,2								7,34
Yara	8,40	6,30	5,00	7,10	5,60	6,93	7,40	7,10			7,10	9,4	9,2			7,50	8,8	9,1	8,5		5,0					7,40
Jorge	8,10	5,60	5,00	6,30	7,00	6,10	8,20	8,10			8,10	8,7		8,50			6,9	9,2	9,5	8,7						7,60
	8,35	6,93	6,39	6,54	6,08	6,82	7,64	6,95	8,27	####	6,83	8,94	8,67	6,83	5,10	8,10	8,34	9,30	8,75	8,12	6,40	9,00	9,50	9,60	####	####
Diana	9,00	8,00	9,40	6,00	7,00	7,45	8,40	6,70	8,50		6,70		8,1			9,00	8,9	9,4		8,8	5,10					7,90
Elisa	9,60	9,50	8,60	7,70	9,00	7,56	8,40	8,50			8,50	10,0				9,10	9,4	9,4		8,6	8,40	9,50		9,50		8,90
	9,30	8,75	9,00	6,85	8,00	7,51	8,40	7,60	8,50	####	7,60	####	8,10	####	####	9,05	9,15	9,40	####	8,70	6,8	9,5	####	9,5	####	####
<b>TOTAL MÁSTER</b>	8,43	7,15	7,04	6,85	6,47	6,98	7,80	6,91	8,33	####	6,84	9,13	8,60	6,83	7,72	8,58	8,53	9,37	8,72	8,29	6,54	9,17	9,50	9,55	8,13	####

### Resultados do título

Como se amosa na taboa, a taxa de rendimento foi del 98% en xuño e do 100% en xullo, o igual que as taxas de rendimento, éxito e eficiencia do bienio. A taxa de abandono foi del 0% e o tempo medio de graduación foi de 1,5 anos.

**Taboa 4. Resultados do Máster en Acuicultura avaliadas segunso as taxas de rendimento, taxas de éxito, taxas de eficiencia, taxas de abandono e tempo medio de graduación**

Curso	Bienio	n° Matriculados	n° ECTS deben cursar <sup>1</sup>	n° ECTS Presentados Jun	n° ECTS Presentados Jul	n° ECTS aprobs en Junio	n° ECTS aprobs en Julio	n° ECTS suspensos julio	n° ECTS susp aprob en 2°	n° ECTS susp aprob en 3°	n° ECTS Abandonados	Ts Curso de un bienio				Ts en el Curso Académico (de los 2 bienios)					
												Tasa Rendim Junio	Tasa Rendim Julio	Tasa de Éxito Junio	Tasa de Éxito Julio	Tasa Rendimiento	Tasa de Éxito	Tasa Eficiencia	Tasa Graduación	Tasa Abandono	n° medio años título
12w19	1º																				
	2º																				
18-19	1º																				
	2º																				
18-20	1º																				
	2º	24	720	720	720	720,0	720	0	0	0	0	100	100	100	100	100	100	100	100	100	
19-21	1º	15	909	909	18,00	891	912	18				98	100,00	98	98,1						
	2º	6	180,0	180,0	180,0	180,0	180,0	0	0	0	0	100	100	100	100	100	100	100	100	100	1,5
Curso 19-20	USC	5	303,0	303,0	6,0	297,0	303,0	0,00	0			98	100	98	100	100	100	100	100	100	0
	UDC	8	240,0	240,0	240,0	240,0	240,0				0	100	100	100	100	100	100	100	100	100	1,5
UVI	2º	10	300,0	300,0	300,0	300,0	270,0				0	100	90	100	90	96	96	100	100	100	1,5
	1º	8	486,0	486	12,00	474,00	486	0				97,5	100	97,5	100						

### Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

O plan de estudos do Máster en Biodiversidade Terrestre (MBo) implantouse no curso 2018-19 seguindo a memoria de verificación do título, polo que, de momento, non houbo cambios salientables respecto as actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación previstos, mais alá de as adaptacións puntuais que deberon facerse a causa da crise derivada da Covid-19. Respecto a los datos concretos, só se dispón da información correspondente os estudantes matriculados na USC (aproximadamente o 37% do total) polo que a información obtida debe analizarse con precaución (o porcentaxe de participación foi superior o 47%). En termos xerais, o grado de satisfacción é elevado sobre todo tendo en conta que o 2020-21 foi o terceiro curso trala implantación do título e, sobre todo, as condicións nas que tivo que impartirse a docencia a causa das limitacións provocadas pola pandemia da Covid-19. De feito, a enquisa de satisfacción respecto á docencia recibida acadou un valor medio de 4,49 sobre 5,00, mentres que a satisfacción respecto á titulación obtén un valor algo máis baixo (próximo a 3,8).

Polo que respecta á docencia recibida, as puntuacións máis altas corresponden á pregunta "O/A docente resolveu as dúbidas que se lle formularon" na que se acadou un valor de 4,8, obténdose o valor máis baixo (3,71) na pregunta "O/A docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron". Ademais cabe destacar que as respostas as cuestións "O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia" e "Globalmente estou satisfeito co/coa profesor da materia" obtivéronse valores superiores a 4,5. Por outra banda, á valoración da titulación obtivo un valor medio sensiblemente inferior (3,77) aínda que máis alto o obtido para o curso 2019-20 (3,31). Neste caso as mellores puntuacións corresponden á pregunta "As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son suficientes" (4,50) sendo a máis baixa (2,5) a de "A carga de traballo está ben distribuída?"; neste último caso, a pesares de ser un valor baixo, mellora o obtido no curso anterior.

O tratarse dun título interuniversitario os procedementos de coordinación teñen unha grande importancia, mais se cabe tendo en conta que a docencia do máster repártese por igual nos tres centros implicados (Facultades de Bioloxía na USC e UVIGO e Facultade de Ciencias na UDC). O longo do pasado curso o Coordinador Xeral do Máster (que é o mesmo tempo o Coordinador na USC) mantivo numerosas reunións, presenciais e virtuais, cos Coordinadores do máster na UDC e na UVIGO, a fin de lograr o mellor funcionamento posible das actividades docentes, avaliándose case en tempo real a correcta implantación da titulación. Hai que destacar que a raíz da adaptación da docencia a causa da Covid-19 o esforzo de coordinación foi incluso máis forte que no primeiro semestre do curso, o que axudou a que dita adaptación puidese facerse con éxito. Por outra banda, a Comisión Académica Interuniversitaria e as Comisións Académicas en cada facultade mantiveron reunións periódicas o longo de todo o curso, tanto de forma presencial (cando foi posible) como de forma virtual. A pesares do esforzo feito para garantir a adecuada coordinación, a percepción da mesma polos estudantes e o

profesorado, cando foi posible obter información ó respecto, mostrou algunhas diferenzas respecto a visión da titulación (puntuación media de 3.77 para o estudantado e de 4,36 para o profesorado). Polo que se refire o PDI (que tivo unha taxa de resposta de máis do 44%, similar á do alumnado), a pregunta coa puntuación máis baixa (4,10) foi “As vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas?”, mentres que a maior (4,75) foi para a pregunta “O alumnado acode con regularidade ás clases?”. Ademais, debe destacarse que o profesorado valorou todas as preguntas incluídas no cuestionario con valores superiores a 4. No caso do alumnado a enquisa da USC non inclúe cuestións relativas á coordinación pero interpretando que a pregunta “En xeral, considero que a titulación está ben organizada” dalgunha maneira pode asimilarse á coordinación, se acada unha puntuación de 3,5 que mellora notablemente a obtida no curso 2019-20 (2,00; probablemente moi influenciada polas dificultades derivadas da Covid-19 e as restricións sufridas na docencia presencial).

En referencia o resultados das materias, e tal e como era previsible nuns estudos de máster, hai que destacar que case non houbo suspensos en ningunha delas obténdose, en xeral, cualificacións moi boas. Polo que respecta os resultados globais do título, a análise conxunta dos resultados obtidos por todo o alumnado ofrece unhas taxas de Rendemento, Éxito e Avaliación de case o 100%, mentres que a de Graduación foi do 100% e a de Abandono do 0%

Por último, a información dispoñible sobre o perfil de ingreso do estudantado non é completa (non hai datos dispoñibles nin da UDC ni da UVigo) pero para o resto dos matriculados no primeiro curso (10 na USC; taxa de ocupación do 100%) compróbase que o 90% accedeu cunha titulación de Grado en Bioloxía (que era o perfil o que estaba dirixido principalmente o máster; 6 titulados na USC, 1 na UDC, 1 na Universidade de Sevilla e 1 na Universidade de Oviedo), incorporándose tamén un estudante procedente do Grado en Ciencias Ambientais da Universidade de Cádiz. A nota media de acceso por preinscrición foi 6,79 lixeiramente inferior a dos dous primeiros cursos nos que se impartiu o máster, sendo cerca do 86% o alumnado que o fixo cunha nota superior a 6. Polo que se refire a procedencia dos novos alumnos, no curso 2020-21 non houbo ningún estudante estranxeiro pero se observou un importante incremento no número de alumnos de fora de Galicia, de feito máis do 25% do alumnado accedeu o máster con titulación de grado de fora do Sistema Universitario Galego. Finalmente, e sen ter de novo en conta os datos dos alumnos da UDC e UVigo, pouco máis do 50% do total son titulados da propia USC.

### **Máster Universitario en Neurociencia**

O plan de estudos do Máster de Neurociencia desenvolveuse de acordo ao descrito na memoria de verificación do título. As actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación empregados nas materias do primeiro semestre desenvolvéronse seguindo o descrito na memoria do título, e todas as materias impartíronse de maneira presencial seguindo os protocolos establecidos polas universidades ante a pandemia Covid-19. En relación cas actividades docentes do segundo semestre correspondentes as materias optativas, aínda que a maior parte delas desenvolveronse de maneira presencial seguindo os protocolos establecidos polas universidades ante a pandemia Covid-19, as materias programadas en Xaneiro e Febreiro impartíronse de maneira virtual consecuencia do aumento de contaxios pola Covid-19, e as materias de carácter experimental Técnicas Neuroanatómicas e Técnicas de Neurobioloxía Celular e Molecular inicialmente programadas na primeira quincena de Febreiro, impartíronse finalmente no mes de Maio.

Pese ás especiais condicións do curso 2020/2021, consideramos que o grao de cumprimento das programacións docentes, foi elevado tal e como indican os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realiza a ACMP, a valoración do alumnado no primeiro semestre foi de 4.04 sobre 5. E en resposta ao ítem “Os contidos desenvolveronse de acordo cocronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19” o alumnado o valorou cun 4.31 sobre 5.

Non podemos facer unha comparación da valoración global da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida entre o primeiro e segundo semestre, xa que non temos datos referidos ao segundo semestre.

Por outra parte, no informe das distintas enquisas da USC referidas ao grao de satisfacción do PDI co desenvolvemento do título, os ítems referidos a aspectos académicos, equipamentos, aulas virtuais, horarios, calendarios de avaliación do título obtiveron valores iguais ou superiores a 4 (1-5), o que se reflexa nunha boa valoración da titulación por parte do profesorado (4.37 sobre 5).

Actualmente, o máster segue mantendo os mesmos sistemas de coordinación, conta cunha coordinación horizontal que recae nos coordinadores das materias que son os responsable da coordinación entre os distintos profesores que imparten unha mesma materia, e unha coordinación vertical que recae nos coordinadores do título de cada unha das universidades participantes. e na Comisión Académica do Título integrada por profesores das 3 universidades.

Os docentes do título na USC como se reflexa no Informe do grao de satisfacción do PDI considera que as e os docentes

teñen unha boa coordinación na organización do título (4.33 sobre 5).

No curso 2020-21, como en cursos anteriores, ofertáronse 50 prazas (30 na USC, 10 na UDC e 10 na UVI). Como se menciona no informe de calidade anterior acordouse solicitar ao vicerrektorado con competencias na materia reducir a oferta de prazas na USC (Proposta de mellora incluída no informe do curso académico anterior), en concreto, consideramos que o adecuado era ofertar 20 prazas na USC, 10 na UDC e 10 na UVI, o cal, pensamos que incrementará a taxa de ocupación do título, dita proposta foi aprobada polo vicerrektorado con competencias neste tema para o curso 2021-22.

No curso 2020-21 matriculáronse un total de 45 alumnos (ver a seguinte taboa), dos cales 32 foron alumnos de novo ingreso (20 na USC, 4 alumnos na UDC e 9 na UVI), a taxa de ocupación incrementouse lixeiramente con respecto ao curso anterior (66.67%).

**Táboa 5. Matriculación no Máster de Neurociencia no curso 2020/2021**

	1º Matrícula	2ª Matrícula	Total
USC	20	9	29
UDC	4	2	6
UVI	9	1	10

A taxa de ocupación (66.67% na USC), indican como nos cursos anteriores unha distancia entre as prazas de novo ingreso ofertadas e as matrículas de novo ingreso, aínda que os datos da prescrición como nos cursos anteriores reflexan unha demanda elevada (40 solicitudes). No vindeiro informe de calidade veremos si a redución na oferta de prazas incrementa a taxa de ocupación do título.

Igual que no curso anterior, a porcentaxe de estudantes matriculados que obtiveron o seu título de grao na USC foi 56.67%.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados foi dun 10% lixeiramente inferior a do curso anterior (13.33%).

A porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia foi dun 13.33, lixeiramente superior a do curso anterior (10%). En concreto, na USC foron 4 os alumnos procedentes de fora da Comunidade de Galicia.

A nota media de acceso na USC foi de 7.47, similar a do curso anterior: 2019/20 (7.56); 2018/19 (6.95), 2017/18 (7.16). Na UVI a nota media de acceso foi 7.40.

En relación con perfil do alumnado de novo ingreso a maior parte dos alumnos proceden dos graos en Bioloxía ou Psicoloxía, en concreto, dos 20 alumnos matriculados na USC, 8 son titulados en Psicoloxía, 6 en Bioloxía, 1 en Medicina, 1 en Bioquímica, 1 en Biotecnoloxía, 1 en Física, 1 en Logopedia, e 1 en Terapia Ocupacional. Na UVI 1 alumno era titulado en Bioquímica, 1 en Fisioterapia, 1 en Bioloxía, 1 en Ciencias do Mar, 1 en Química, 1 en Biotecnoloxía, e 1 en Psicoloxía. Estes datos indican que a maioría do alumnado ten o perfil adecuado para cursar o título.

Igual que no curso anterior, a porcentaxe de estudantes matriculados que obtiveron o seu título de grao na USC foi 56.67%.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados foi dun 10% lixeiramente inferior a do curso anterior (13.33%).

A porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia foi dun 13.33, lixeiramente superior a do curso anterior (10%). En concreto, na USC foron 4 os alumnos procedentes de fora da Comunidade de Galicia.

En relación coas materias do título, a taxa de éxito (USC) das materias optativas foi dun 100%, e nas materias obrigatorias foi elevado (Bioloxía celular do sistema Nervioso, 85%; Neuroquímica, 90%; Neuroanatomía, 88,89%; Neurociencia do Comportamento, 93.75% e Fisioloxía do Sistema Nervioso, 100%).

En xeral todos os indicadores mostran uns valores satisfactorios en relación aos valores establecidos na memoria do título.

En relación cos diversos indicadores do título:

A taxa de rendemento na USC foi dun 78.71% algo inferior a do curso anterior (82.28%) e similar a do curso 2018/19 (73.77%).

A taxa de avaliación (USC) foi dun 81.08%, valor similar ao do curso anterior (82.60%), e na UVI dun 78%.

A taxa de éxito na USC foi 97.08%, similar a de cursos anteriores (99.61 no curso 2020/21; 95.17% no curso 2018/19; 99.11% no curso 2017/18; e 97.02% no curso 2016-17). A taxa de éxito na UVI foi dun 92%.

A taxa de graduación da USC no curso 2020/21 foi dun 72.22% inferior a do curso anterior (curso 2019/20, 84.21%; curso 2018/19, 62.50%). Na UVI a taxa de graduación foi dun 75%.

A duración media dos estudos na USC foi dun 1.18, similar a do curso anterior, e na UVI dun 2.25

A taxa de abandono (RD1397/2007) foi dun 16.67% na USC, por debaixo do 20% que se estimou na memoria do título, e

0% na UVI.

### Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
  - Avaliación da aprendizaxe
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

• **Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado**

A USC conta con normativas de xestión académica para regular os procesos formativos, tanto a nivel de [grao](#) como de [máster](#); **Error! Referencia de hipervínculo no válida.**; así como dun [regulamento actualizado para a súa tramitación](#).

As memorias dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía inclúen, para asegurar a obxectividade, información e transparencia, todas as normas, descrições, instrucións, etc. que se indican nos diversos apartados.

Outra normativa xeral de interese para a comunidade do Centro, especialmente para o alumnado, como a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES, normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC, convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES, normativa de recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do RD 13/93/2007, normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, regulamento de matrícula, elaboración e defensa

dos traballos fin de grao e fin de máster e o regulamento de prácticas académicas externas, pode ser consultada directamente na páxina [web da Facultade de Bioloxía](#).

A Facultade de Bioloxía tamén conta con normativa propia (desenvolvida segundo as directrices da USC) directamente relacionada cos procesos de ensino/aprendizaxe que se desenvolven no Centro, como é o regulamento sobre o TFG en Bioloxía.

Ademáis, os procesos clave (PC-01 *Análise do perfil de ingreso e captación*, PC-02 *Planificación das ensinanzas*, PC-03 *Apoio aos estudantes*, PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas* e PC-05 *Análise de resultados e mellora dos programas*) e os protocolos do SGC (enquisa propia de perfil de ingreso ao grao, enquisa sobre o desenvolvemento da docencia das materias, informe de autoevaluación de materias, informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia, informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente, informe de materias suspensas polas que os/as alumnos/as non defenden o TFG, informe de abandono) están deseñados para garantir o desenvolvemento das ensinanzas nos títulos impartidos e, xunto cos indicadores de satisfacción, facilitan o seguimento dos títulos e do Centro.

A información sobre os distintos procesos que permiten garantir a aprendizaxe e a avaliación do alumnado actualízase continuamente e ponse a disposición dos distintos usuarios na web da [Facultade de Bioloxía](#), no caso dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía, e en webs propias no caso dos títulos de Máster: [Máster Universitario en Acuicultura](#), [Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre](#), [Máster Universitario en Bioloxía Mariña](#) e [Máster Universitario en Neurociencia](#).

## Grao en Bioloxía (GB)

### Admisión do alumnado

Os procesos e os criterios de admisión do alumnado no Grao son os xerais para o sistema universitario público. Dende o inicio dos estudos do Grao en Bioloxía a demanda do alumnado é moi superior ás prazas ofertadas, polo que estas sempre se cobren. A oferta de prazas diminuíuse nos últimos cursos para axustala á realidade, xa que as análises realizadas mostraban unha elevada oferta no SUG para a demanda na sociedade deste tipo de titulados; este descenso parece que está a mellorar o rendemento do alumnado de 1º curso. No curso 2020/2021 non se ofertaron prazas (indicador IN01G) na primeira edición do Grao en Bioloxía, sendo polo tanto a matrícula de novo ingreso por preinscripción (indicador IN04G) de 0 prazas tamén. En cambio, no caso da segunda edición do Grao e Bioloxía o número de prazas ofertadas (indicador IN01G) foi de 100, aos que hai que engadir no primeiro curso 20 alumnos/as do Dobre Grao Química e Bioloxía. A matrícula de novo ingreso por preinscripción no caso da segunda edición do Grao en Bioloxía (IN04G) foi tamén de 100,00. O número de estudantes matriculados nun curso académico (sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming), que inclúe o alumnado de todos os cursos que se imparten no Grao de Bioloxía (1ª edición) (indicador IN02G) foi de 423 alumnos/as no curso 2020/21, aos que lle hai que sumar os 100 matriculados no novo Grao de Bioloxía (2ª ed) para dar un número total de 523 estudantes. As porcentaxes de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08G) e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (indicador IN09G) son baixas (0,24% e 3,55% respectivamente) e mantéñense en valores similares nos últimos cursos.

### Aplicación de normativas predefinidas

A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente. No Grao en Bioloxía, no curso 2020/21, recoñecéronse como créditos da titulación a adquisición de competencias transversais: coñecemento de idiomas (61 alumnos/as); realización de cursos de verán (18 alumnos/as); actividades deportivas (6 alumnos/as); actividades culturais (3 alumnos/as); curso titores (2 alumnos/as); actividades de participación social (8 alumnos/as); cursos de competencias en información e habilidades comunicativas (154 alumnos/as); participación nos órganos de representación da universidade (1 alumno/a)

### Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

Dende o curso 2017/18 impártese unha materia de nivelación en Química, coa intención de mellorar o rendemento do alumnado con deficiencias de formación nesta materia.



**Orientación académica**

O grao en Bioloxía realiza unha “xornada de acollida” para os alumnos de primeiro curso na que participan PDI e PAS da Facultade (equipo decanal, os coordinadores do grao e de primeiro curso, a xestora de centro e a directora da biblioteca), representantes de distintos servizos da USC (área de deportes, centro de linguas modernas, servizo de reprografía), así como do alumnado (alumnos titores, asociacións de estudantes e antigos estudantes da USC).

Para o alumnado de cursos superiores, especialmente de 2º e 3º, realízanse reunións informativas sobre:

- Programas de mobilidade: participaron os/as coordinadores/as dos programas de mobilidade e a xestora académica do Centro.
- Programas de prácticas externas (materia obrigatoria): participaron a coordinadora de prácticas externas e a xestora académica do Centro.
- Traballos fin de grao (TFG): participaron a xestora académica do Centro e un representante da comisión dos TFG.

**Programas de mobilidade**

Como xa se comentou, o número de alumnos/as recibidos a través dos distintos programas de mobilidade é baixo; no curso 2020/2021 só o 0,24% do alumnado matriculado na primeira edición do Grao en Bioloxía e o 0% na segunda edición do Grao en Bioloxía foi estranxeiro, namentres que o 3,55% (1ª ed) e o 4,95% (2ª ed) procederon de fóra de Galicia (indicador IN09G). Si se compara a nivel nacional con outros 25 graos en Bioloxía, o Grao en Bioloxía da USC está entre os que presentan menor mobilidade entrante e saínte; en troques, en comparación con outros títulos similares da USC, presenta unha aceptable mobilidade tanto entrante como saínte. Para tentar mellorar a participación do estudantado nos programas de mobilidade estanse facendo esforzos en incrementar a información ofrecida ao alumnado coa convocatoria de reunións informativas sobre as opcións, destinos e as condicións da mobilidade saínte.

**Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe**

A metodoloxía da ensinanza adecúase ao perfil e necesidades do alumnado. A docencia no Grao en Bioloxía comezou no escenario de normalidade adaptada no curso 2020/2021. Toda a docencia expositiva fíxose en remoto de xeito síncrono a través da aplicación MS-teams segundo o horario previsto na meirande parte das materias. No caso de non poder realizar sesións en directo, os materiais empregados para a docencia expositiva debían estar dispoñibles no campus virtual ao inicio da sesión, no horario previsto, de xeito que o alumnado dispuxese do material e poidese traballar con el seguindo o seu horario ao longo de cada xornada de traballo. En compensación favoreceuse a presencialidade no resto das actividades docentes (interactivas), especialmente seminarios e prácticas, xa que as titorías seguiron sendo en remoto. Os informes resultantes da aplicación dos protocolos do SGC elaborados e aprobados na Comisión de Título, tal e como se indicou na Directriz 2, así o indican. Ademais, as guías docentes das materias inclúen a metodoloxía de ensino-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas), polo que foi necesaria a súa adaptación as condicións da pandemia. O esforzo que realizaron os coordinadores das distintas materias, de curso e de grao para ir axustar as guías docentes aos diferentes escenarios foi enorme. No curso 2020/2021 o esforzo de todos/as, profesores/as e coordinadores/as (de materia, de curso e de grao) foi fundamental para procurar que o alumnado acadara aos coñecementos e as competencias previstos na memoria do grao. Non obstante, existen cousas a mellorar na titulación, como está a indicar a enquisa de satisfacción dos estudantes coa titulación elaborada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (INF.22). Así, é necesario mellorar a orientación profesional e laboral aos alumnos (1,90 sobre 5), a distribución temporal da carga de traballo ao longo do curso (1,65 sobre 5), o calendario das probas de avaliación (2,45 sobre 5), o equilibrio entre contidos teóricos e prácticos (1,80 sobre 5) ou a organización da titulación (2,45 sobre 5), aínda que hai que ter en conta tamén a baixa participación nesta enquisa (6,29%).

**Avaliación da aprendizaxe**


No Grao en Bioloxía os mecanismos de avaliación da aprendizaxe teñen en consideración dous aspectos fundamentais: a inclusión das competencias (transversais e específicas) e o seu sistema de avaliación nas guías docentes das distintas materias; e a avaliación da adquisición de competencias por parte dos titores externos dos programas de prácticas externas (enquisa propia do centro), dos titores dos TFGs (informe do titor) e dos alumnos/as egresados/as (enquisa aos/as egresados/as -ACMP).

Os resultados das enquisas realizadas aos titores externos dos programas de prácticas externas sobre a adquisición de

competencias indican una elevada adquisición das mesmas por parte do alumnado, xa que para o curso 2020/21 todas as competencias analizadas presentaron puntuacións superiores a 8 sobre 10 (Figura 3). As competencias peor valoradas foron busqueda de información, a iniciativa na toma de decisións, a adaptabilidade as situacións, o coñecemento das técnicas ou procedementos de traballo, o coñecemento das técnicas, a seguridade persoal ou a comunicación escrita; e as mellor valoradas seguen sendo o respecto polas normas e a asistencia e puntualidade. Resultados similares para o curso 2020/2021 obtivéronse na enquisa realizada aos titores dos TFGs, onde a as valoracións foron boas (todas >4) con unha excepción: a “capacidade para elaborar e presentar un texto organizado e comprensible” (Figura 3).

O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (informe de indicadores da ACMP, indicador IN42G) no curso 2020/2021 foi de 3,39 sobre 5. No Informe de Satisfacción xeral do/as egresados/as de titulacións de Grao do 1º semestre (taxa participación 11,61%) ou do 2º semestre (taxa participación 10,3%) do curso 2019-2020 (informe elaborado no Curso Académico 2020-2021) estes valoraron positivamente a súa formación teórica (3,61 e 3,85 sobre 5, respectivamente) e en menor medida a formación práctica (2,95 e 2,50 sobre 5, respectivamente). Respecto ás competencias adquiridas, as puntuacións máis elevadas son para os ítems “capacidade de análise” (3,52-3,67 sobre 5), “capacidade de coordinación e planificación” (3,44-3,57 sobre 5) e traballo en equipo (3,25-3,42 sobre 5); o peor valorado foi a “creatividade” (2,67-2,68 sobre 5).

A)



B)

### Curso 2020/2021 Titores TFGs Grao Bioloxía. Adquisición de competencias



### Figura 3.- Resultados das enquisas realizadas aos titores de prácticas externas (A) e aos titores dos TFGs (B) sobre a adquisición de competencias por parte do alumnado no curso 2021/2022.

#### Prácticas externas

A Facultade de Bioloxía mantén convenios con empresas e organismos públicos para a realización de Prácticas Externas, que é unha materia obrigatoria no Grao en Bioloxía e supón o primeiro contacto do alumnado coa práctica profesional. No curso 2020/2021 cursaron a materia 114 alumnos/as en distintos centros, entre os que hai centros de investigación (Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas e Misión Biolóxica de Galicia, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago –FIDIS-, Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña -INIBIC), centros de investigación da USC (CIMUS, CIQUS, Museo de Historia Natural e Estación de Biolóxica Mariña da A Graña), departamentos e grupos de investigación da USC, centros dependentes do Sergas (Complexos hospitalarios universitarios de Santiago, Pontevedra, Vigo e Lugo e os hospitais de Burela e de Monforte de Lemos), centros dependentes das administración (Ceida e centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo de Limia), concello de Santiago, e empresas privadas (Centro de Interpretación de Avifauna, Centro de Rescate de Primates Rainfer, Laboratorios Akuanatura, Maremasma s.l., Exlabesa Building Systems, Hospital HM A Rosaleda). Os/as alumnos/as do Grao en Bioloxía tamén teñen a posibilidade de realizar Prácticas Externas Optativas (no curso 2020/21 participaron neste programa 29 alumnos/as). En total, contando as dúas tipoloxías, foron 143 alumnos os que cursaron prácticas externas no Grao de Bioloxía. Os alumnos tamén tiveron a posibilidade de cursar Prácticas Extracurriculares a través do Consello Social. No curso 2020/21 participaron neste programa 7 alumnos/as.

Os programas de prácticas externas están moi ben valorados, tanto polo alumnado como polos titores profesionais e académicos. A satisfacción dos estudantes coas prácticas externas é moi elevada dende a súa implantación no curso 2013/14; así o indican os resultados das enquisas realizadas pola ACMP da USC (2015/2016, 4,35; 2016/2017, 4,48; 2017/2018, 4,53; 2018/2019, 4,52; 2019/2020, - ; 2020/2021, 4,64 sobre 5 puntos) e pola Facultade de Bioloxía (4,69 sobre 5 puntos para o curso 2020/21). As enquisas tamén amosan unha alta satisfacción dos/as titores/as externos cos programas de prácticas externas (o valor do indicador IN20G é de 4,04 sobre 5 para o curso 2018/19, último curso do que se subministran datos) e dos/as titores/as académicos (o valor do indicador IN21G é 4,3 no curso 2018/19, último curso do que se subministran datos).

#### Traballos Fin de Grao (TFGs)

Os procedementos relacionados coa asignación, supervisión e avaliación dos TFG están perfectamente establecidos. No curso 2020/2021, seguindo directrices para a organización da docencia e da avaliación (Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 e Instrucións 3/2020 e 4/2020 da Secretaría Xeral da USC), adoptáronse distintas [medidas para facilitar a realización e finalización do TFG en condicións de pandemia](#), entre as que cabe citar a posibilidade de transformar os traballos experimentais en bibliográficos (acordo da Comisión de Traballos Fin de Grao do 26 de marzo de 2020) e incluír a posibilidade de ser avaliados polo/a Titor/a –puntuación máxima 9 puntos (acordos Comisión Permanente do 4 e 12 de maio de 2020).

No curso 2020/21 defendéronse 116 TFGs entre o Grao de Bioloxía e o Dobre Grao de Química e Bioloxía, que abranguen as distintas áreas de coñecemento implicadas na docencia de Bioloxía; 39 deles (33,6%) foron avaliados por un tribunal, namentres que os restantes 77 (66,4%) o foron polo/a titor/a. Os traballos obtiveron boas cualificacións ( \_ matrículas de honra [MH], 72 sobresaíntes, 42 notables e 2 aprobados). Se apreciaron pequenas diferenzas significativas nas cualificación entre os avaliados por un tribunal (69,2 % sobresaíntes e 30,8 % notables; mediana [IQR] 9,1 [8,6-9,4]) ou por o/a titor/a (58,4% sobresaíntes, 39 % notables e 2,6 % aprobados; mediana[IQR] 9,0[8,4-9]) (Mann-Whitney Rank Sum Test,  $p < 0,001$ ), pero nada especialmente preocupante en termos de equidade na avaliación.

#### Resultados da aprendizaxe

A situación provocada pola pandemia afectoulle a docencia tanto no primeiro semestre como no segundo do curso 2020/21. Para poder avaliar o seu efecto nos resultados da aprendizaxe do alumnado necesítase tempo, polo que agora mesmo isto non é posible. O título que se analiza, segundo o informe de renovación da acreditación (xullo de 2017), ten como puntos fortes presentar contidos actualizados e coordinados con títulos similares a nivel nacional e internacional e que o alumnado está ben preparado, especialmente na súa formación teórica; isto indica que o título cumpre os requisitos do programa

formativo.

Os bos resultados da aprendizaxe pódense observar nas cualificacións dos TFGs, nas valoracións que sobre as competencias adquiridas polo alumnado realizan os propios alumnos na enquisa de satisfacción co TFG no curso 2020/2021, xa que todas as competencias foron valoradas por encima de 2 (sobre 3 puntos), tanto polos estudantes que fixeron TFGs bibliográficos como por aqueles que o fixeron experimental. A boa adquisición de competencias polos alumnos tamén se ve reflectido nas enquisas dos titores/as externos dos programas de prácticas externas (comentado en apartados anteriores), nos resultados das enquisas realizadas aos egresados/as, e nos datos de inserción laboral dispoñibles. No curso 2020/21 a taxa de éxito do TFG foi do 100% e o 98,28% do alumnado que presentou o TFG obtivo unha cualificación de notable ou superior, o que indica que o alumnado finaliza o título cunha boa formación. Ademais, a satisfacción dos egresados do grao de Bioloxía coa titulación é boa (3,39 sobre 5; informe de indicadores do Grao en Bioloxía, indicador IN42G); o ítem “Cal é a túa satisfacción xeral coa titulación” presenta unha valoración de 3,36 (sobre 5), e o 72,73% dos egresados recomendaría a USC para cursar a titulación. A participación na enquisa no curso 2020/2021 foi do 11,61%.

### **Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida é moi alta, tal e como indican os resultados da enquisa realizada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (indicador INF.13). En canto á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, a valoración global do alumnado do curso 2020/2021 foi de 3,97 (sobre 5), cunha participación na enquisa do 42,21%. En consoancia con esta alta valoración, todos os ítems da enquisa presentan puntuacións superiores a 3,72 (sobre 5). Os ítems peor valorados están relacionados coa resolución das dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron ao docente (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc.) (3,72 sobre 5), coa carga de traballo (3,72 sobre 5), co feito de si o/a docente motivou a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase (3,81 sobre 5) ou coa organización das clases os a claridade das explicacións por parte do docente a hora de facilitar a comprensión da materia (3,97 sobre 5 puntos). O resto dos ítems presentan puntuación superiores a 4, e entre eles destacan os relacionados con dous grupos de actividades moi importantes na docencia universitaria: a explicación e o cumprimento das programacións docentes por parte do profesorado (4,18 sobre 5) e sobre todo a súa actitude receptiva que facilita a comunicación a hora de resolver as dúbidas que se lle formularon ao docente (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...) (4,22 sobre 5).

No caso do profesorado, na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (indicador IN47G) a valoración global é de 4,07 (sobre 5). Cando se analiza a información máis detenidamente (INF.14), vese que a maioría dos ítems (16 dos 19 analizados) presentan boas valoracións (superiores a 3,5 sobre 5), aínda que destacan os valores relativamente baixos dos restantes. Estes fan referencia ao período de docencia telemática, e son concretamente: “*O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases?*” (3,30 sobre 5), “*Valora a túa experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e avaliación en remoto*” (3,30 sobre 5) e sobre todo “*Estou satisfeito co desenvolvemento da avaliación nonpresencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria*” (3,18 sobre 5). Pola contra, 3 ítems presentaron valores superiores a 4,8 sobre 5 (*Informe axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia? Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías? Manteño un trato correcto cos estudantes?*).

Respecto a enquisa de satisfacción coa titulación (INF.23), os resultados dos informes do profesorado presentan unha boa valoración global (4,05 sobre 5; participación do 28,26%), sendo o valor de todos os ítems superior a 3,5 sobre 5. Ao igual que no curso anterior 2019/2020, no caso do alumnado (INF.22), a valoración global é significativamente menor (2,71 sobre 5; participación do 6,29%). Destacan neste último caso, sobre todo, as baixas valoracións dos ítems que fan referencia á orientación profesional e laboral recibida no teu centro (1,90 sobre 5), o equilibrio entre os contidos teóricos e prácticos (1,80 sobre 5) e sobre todo a distribución da carga de traballo (1,65 sobre 5); isto deberíanos facer reflexionar para intentar mellorar os resultados, aínda que ambos son aspectos difíciles de abordar. Respecto á orientación laboral, os centros contan cada vez con menos persoal e máis envellecido, o que dificulta a posibilidade de poder orientar laboralmente ao alumnado (excepto no caso da formación para personal investigador). O equilibrio entre os contidos teóricos e prácticos é dificilmente solventable cando os recursos destinados a prácticas son escasos e a infraestrutura dos laboratorios está envellecida e necesita inversión. Finalmente, nas titulacións con elevada carga práctica, procesos de avaliación continua (nos que se combinan traballos e exames) e número elevado de alumnos é complicado facer una distribución equilibrada da carga de

traballo xa que, entre outras, hai limitacións nas infraestructuras (número de laboratorios do centro e ocupación dos mesmos);

Finalmente, os egresados manifestan un grao de satisfacción xeral coa titulación (3,39 sobre 5)

A baixa participación dos distintos sectores (profesorado, alumnado, egresados) nas enquisa oficiais realizadas pola USC, especialmente na de satisfacción coa titulación, parece indicar a necesidade de desenvolver estratexias que permitan aumentar a participación nas mesmas. Dende a Vicerreitoría de Calidade deberíase mellorar o proceso de recollida de información; pensamos que sería efectivo, por exemplo, o desenvolvemento de aplicacións para telefonía móbil.

Respecto ás queixas do alumnado en relación ao proceso ensino/aprendizaxe, as máis habituais que se repiten nos distintos cursos, e das que queda constancia nos informes de coordinación, son as relacionadas coa elevada carga de traballo e a distribución temporal do mesmo. A maioría do alumnado do Grao en Bioloxía indica que a carga de traballo é excesiva en función do número de créditos para a maioría das materias; ademais, esta concéntrase en curtos períodos de tempo.

### **Grao en Biotecnoloxía (GBT)**

Ao terse implantado o título no curso 2018/19 hai distintos epígrafes desta Directriz dos que non existen datos, como os relativos aos programas de mobilidade (o establecemento de convenios), prácticas externas e TFG.

#### **Admisión do alumnado**

No Grao en Biotecnoloxía non se aplican criterios de admisión específicos, máis aló dos indicados pola lexislación vixente. A información xeral sobre o acceso á titulación está accesible na web da USC. A demanda do alumnado foi moi superior ás prazas ofertadas, polo que se cubriron todas. No curso 2020/21 ofertáronse 50 prazas (indicador IN01G), sendo a matrícula de novo ingreso por preinscripción (indicador IN04G) de 50 prazas.

A matrícula total (indicador IN02G) no Grao de Biotecnoloxía foi de 146 alumnos/as no curso 2020/2021 (só se impartiu primeiro, segundo e o terceiro curso). As porcentaxes de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08G) e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (indicador IN09G) foron baixas (1,37% e 2,35% respectivamente).

#### **Aplicación de normativas predefinidas**

A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente. No Grao en Biotecnoloxía no curso 2020/21 recoñeceronse; Coñecemento de idiomas (23 alumnos/as); realización de curso de verán (1 alumno/a); actividades deportivas (3); actividades de participación social (4); cursos de competencias en información (53 alumnos/as)

#### **Orientación académica**

Ademais da orientación que recibiu o alumnado de primeiro curso sobre o centro e a titulación na “xornada de acollida”, os coordinadores de 1º e 2º curso (únicos que se impartiron) e de grao estiveron constantemente a disposición do alumnado para recoller as súas dúbidas e/ou suxerencias e por se fose necesario axustar algunhas cuestións no desenvolvemento das ensinanzas; dita información está incluída nos informes de coordinación.

#### **Programas de mobilidade**

A porcentaxe de estudantes recibidos polo Grao de Biotecnoloxía da USC procedentes de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (%) (indicador IN18G) foi do 0% en 2018/2019, 1,02% no curso 2019/2020 e do 1,37% no curso 2020/2021. Ao igual que pasaba no Grao de Bioloxía, son valores baixos en comparación con outros Graos de Biotecnoloxía, pero en consonancia co atopado en outros Graos dentro da Universidade de Santiago.

#### **Metodoloxía de ensinanza, avaliación e resultados da aprendizaxe**

A metodoloxía da ensinanza adecúase ao perfil e necesidades do alumnado, no segundo semestre do curso 2019/20 estivo condicionada pola pandemia. Os informes resultantes da aplicación dos protocolos do SGC elaborados e aprobados na Comisión de Título, tal e como se indicou na Directriz 2, así o indican. Ademais, as guías docentes das materias inclúen a

metodoloxía de ensino-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas), polo que para o segundo semestre foi necesaria a súa adaptación as condicións da pandemia.

No curso 2020/2021 o esforzo de todos/as, profesores/as e coordinadores/as (de materia, de curso e de grao) foi fundamental para procurar que o alumnado acadara aos coñecementos e as competencias previstos na memoria do grao.

### Resultados da aprendizaxe

Os resultados nas cualificacións das materias no curso 2020/2021, que xa foron comentados na Directriz 2, indican que o alumnado obtivo uns bos resultados da aprendizaxe, o que nos fai ser optimistas respecto á evolución do título cando finalice a súa implantación.

### Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

No Grao de Biotecnoloxía destaca a elevada participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (INF.13) (63,66%), pero a participación do profesorado na de satisfacción coa docencia impartida segue a estar por debaixo (INF.14) (41,18%) como ocorreu en cursos previos. Os informes das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado coa docencia (recibida e impartida, respectivamente) indican que ambos colectivos presentan un elevado grao de satisfacción; a valoración global foi do 3,93 para o alumnado, e de 3,92 para o profesorado; en ambos casos sempre sobre 5.

No caso do alumnado, no curso 2020/2021, todos os ítems presentan puntuacións superiores a 3,7 na enquisa; en ambos casos sobre 5. Destacan as boas valoracións (superiores a 4 sobre 5) dos ítems seguintes: “*Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19*”, “*O/A docente resolveu as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)*”, e “*De xeito global, a comunicación co/a docente foi axeitada*”. O ítem peor valorado (3,74 sobre 5) foi o relacionado co material subministrado polos profesores ao estudantes: “*Os materiais subministrados (presentacións, artigos, etc) fóronme de axuda na preparación da materia*”

Como xa se indicou, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida é moi alta, pero ao igual que sucedía no Grao de Bioloxía, o ítem que fai referencia á avaliación online é que presenta a puntuación máis baixa: “*Estou satisfeito co desenvolvemento da avaliación non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria*” (3,04 sobre 5 puntos). Pode concluirse polo tanto que a avaliación online/non presencial realizada foi un problema para o profesorado tanto do Grao de Biotecnoloxía como de Bioloxía.

Respecto ás queixas/suxestións do alumnado en relación ao proceso ensino/aprendizaxe, como xe se comentou na Directriz 2, as principais están relacionadas coa solicitude de mellora na organización dos horarios e da carga de traballo.

## Máster Universitario en Acuicultura

### Admisión do alumnado

Ainda que o número de matriculados foi baixo no curso 2020-2021, a demanda de prazas foi superior á matrícula (ver Tasa Teórica na taboa a continuación). Ainda que o índice é inferior que en anos precedentes, segue a ser preocupante este desequilibrio, e tentamos entender por qué nos se matriculan os alumnos que amosan interese. Como xa se indicou, neste curso non houbo alumnos de fora do país, e só un foi de fora da CA.

Taboa 6. Número de matriculados no Máster de Acuicultura

Curso	nº Mat	Global		
		Teórico	Real	Eficiencia
8-9	29	1,67	0,58	0,97
9-10	28	1,23	0,76	0,93
10-11	20	1,30	0,51	0,67
11-12	24	1,57	0,51	0,80
12-13	25	1,73	0,48	0,83
13-14	31	1,83	0,56	1,03
14-15	26	1,53	0,57	0,87
15-16	27	1,63	0,55	0,90
16-17	16	1,43	0,37	0,53
17-18	29	1,93	0,50	0,97
18-19	25	2,23	0,37	0,83
19-20	15	1,27	0,39	0,50
20-21	26	1,90	0,46	0,87
21-22	21	2,67	0,26	0,70

### Aplicación de normativas predefinidas

Aplicanse as da Facultade de Bioloxía

### OrientacComplementos formativos

Non hai neste máster

### Orientación académica

Seguindo o estipulado na Guía da titulación, como cada ano se levó a cabo unha reunión informativa común para todos os alumnos matriculados no Máster. A devandita reunión tivo lugar antes de comezar as actividades académicas propiamente ditas. Nela, se lle explicou ao alumno ao funcionamento do máster, onde ten toda a información necesaria, os recursos dispoñibles, etc.

Os alumnos de fora da C.A. de Galicia son asesorados polos servizos de información que existen en cada unha das universidades do SUG, para buscar aloxamentos e servizos, ademais de polos diferentes departamentos de relacións internacionais no caso dos alumnos estranxeiros.

De acordo co Plan de Acción Titorial, a cada alumno se lle asigna un tutor que actúa de guía e referencia ao longo do desenvolvemento do Máster e que ademais poderá dirixirlo a outros servizoas universitarios que fagan posibles a súa integración plena na vida universitaria.

### Resultados da aprendizaxe

Como xa se indicou arriba, as notas medias superaron o 6, e chegaron ó 9,5. Como os alumnos non responderon á petición de cubrir of formularios de saísfacción da docencia dl máster, non podemos saber si consideran cumpridas as expectativas de chegar a adquirir as competencias esperadas.

### Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Ainda que non se cubriron os formularios propios do máster, na reunión anual celebrada ó finalizar o curso con todos os alumnos planteáronse as queixas de sempre, que o máster é moi intenso no primeiro semestre, que é o que máis costa abordar debido á carga docente; eso se debe a que é máis curto que o segundo semestre, e non ten solución. Neste curso non tivemos reclamacións de outras índoles.

### TFM e prácticas en empresa

Todos os alumnos do segundo curso eleixiron Prácticas en empresa para o módulo de TFM. A maioría eleixiron plantas de piscicultura, uns poucos de cultivo de moluscos, e un de microalgas. Todos os alumnos pasaron a avaliación de PE cunha nota igual ou superior a nove, ó igual que a nota obtida na defensa do TFM

### Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

O máster foi cursado a tempo completo por 52 estudantes, 28 no primeiro curso (10 matriculados na USC, 10 UVIGO e 8 UDC) e 23 no segundo (9 USC, 7 UVIGO e 7 UDC); a maiores na USC unha alumna do 2º ano cursou o máster con matrícula

a tempo parcial. O MBio tivo un bo nivel de demanda no seu segundo curso de implantación, xa que das 30 prazas ofertadas cubríronse 28 (10 na USC, 10 na UVIGO e 8 na UDC). No obstante, a pesares de quedar dous prazas vacantes na UDC, na USC houbo alumnos en lista de espera que non puideron matricularse, polo que houbera sido posible cubrir a totalidade das 30 prazas ofertadas. Este problema ten relación co feito da dificultade de coordinación nos títulos interuniversitarios relacionadas con diferenzas en calendarios, procesos e criterios. É necesario que a través dos organismos competentes (p.e. Consellería de Educación, ACSUG, etc.) se apliquen medidas que faciliten o funcionamento deste tipo de titulacións, sobre todo a nivel administrativo.

O MBio realiza unha sesión inicial de benvida xeral os alumnos no primeiro día de clase empregando videoconferencia na que participan o coordinador do mesmo e os coordinadores en cada unha dos centros participantes. Na sesión tratáronse en detalle, entre outros, os seguintes aspectos: presentación de: 1) a Comisión Académica do Máster e coordinadores da UVIGO, a USC e a UDC, 2) obxectivos e estrutura do mesmo, 3) todo o relacionado co plan de estudos e a programación docente (estrutura, guías docentes, horarios e calendarios), 4) posibles saídas profesionais, 5) Prácticas Externas e Tránsito Fin de Máster, 6) normativas, servizos administrativos, salas de estudo, informática, biblioteca, centros, servizos telemáticos e plataformas de docencia, 7) o uso da web do Máster e do espazo virtual de teledocencia, e 8) o Plan de Acción Titorial (PAT). O PAT contempla, por unha banda, a asignación dun titor a cada estudante que actúa como orientador, tanto académico como profesional, e que ademais será o Titor Académico cando o estudante faga as súas Prácticas Externas. Por outra banda, no ámbito do PAT realizáronse cinco sesións de orientación en grupo en cada centro, tres convocadas especificamente e dous delas aproveitando a realización de exames de materias obrigatorias (nalgúns casos as reunións realizáronse de forma non presencial mediante o uso da ferramenta MS Teams). Tamén realizáronse sesións de tutorización individual, tanto presenciais como por correo electrónico e/ou MS Teams. Os coordinadores do máster en cada universidade atenderon numerosas consultas, tanto de forma presencial nos seus despachos coma de forma non presencial. O resto de reunións, ben individuais ou en grupo, realizáronse a demanda dos estudantes.

No curso 2020-21 foi o segundo ano no que se impartiron materias do segundo curso polo que, de momento, as correspondentes guías docentes non sufriron modificacións. É previsible que, á vista de cómo funcionan tanto a metodoloxía ensino-aprendizaxe como a avaliación das competencias, estas guías sexan axustadas nos seguintes cursos a fin de mellorar a docencia de cada materia. Polo que se refire o tamaño dos grupos das clases expositivas e interactivas, dada a matrícula do máster, para as materias obrigatorias foi de un máximo de 28 alumnos nas expositivas e 14 nas interactivas (as tres universidades aceptaron dividir en dous o grupo expositivo debido a dificultade de impartir clases interactivas con 28 estudantes). No caso das materias optativas non houbo unha na que se matriculasen todos os alumnos do máster, aínda que no caso de "Invasións biolóxicas" case a cursou a totalidade do alumnado; no resto das materias se alcanzaron matrículas moi variables ata un mínimo de 3 (en "Estatística aplicada") ou 4 alumnos (en "Xeodiversidade").

A avaliación do proceso de aprendizaxe do estudantado pode facerse por medio do sistema de avaliación incluído en cada guía docente (que é específico para as competencias contempladas nas mesmas) e por medio da avaliación de competencias que fan os Tutores Externos das PE, os tutores do TFM e a futura enquisa que se enviará os alumnos que vaian obtendo o título no futuro.

Finalmente, aínda que xa se indicou na sección correspondente a Directriz 2, a pesares de que o curso foi especialmente complexo por estar aínda afectado pola pandemia da Covid-19, en xeral o alumnado mostra un grado de satisfacción xeral aceptable, pois é próximo a 3,3 sobre 5,0 para os matriculados na USC (non se dispón de datos da UDC e UVigo), obténdose ademais, para o grado de satisfacción coa docencia recibida, unha cualificación notablemente maior (4,49 sobre 5,0). É destacable que, a diferenza do que aconteceu nos dous primeiros cursos, para o 2020-21 a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado foi próxima o 50% (case duplicando a do curso 2019-20 e sendo case 7 veces máis alta que no 2018-19). Esta mellora na taxa de resposta demostra que os esforzos realizados para potenciar a participación do alumnado nas enquisas, tanto por parte da coordinación do máster como dos profesores que participan na súa docencia, tivo un efecto moi positivo. Polo que respecta a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, a puntuación obtida nas enquisas mostra un valor de 4,3 en liña co manifestado polo estudantado. En calquera caso, debe terse en conta que estes datos corresponden só o alumnado matriculado na USC, sería imprescindible que dende a Consellería de Educación ou a propia ACSUG se articulen procedementos, calendarios e mecanismos comúns que faciliten a labor de coordinación nos títulos interuniversitarios así como o acceso sinxelo os datos de calidade das tres universidades participantes.

## Máster Universitario en Neurociencia



Por unha parte o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e elevado na USC (4.04 sobre 5) e na UVI (4.92 sobre 5). Por outra parte, a adquisición das competencias por parte dos alumnosponse de manifesto durante a defensa dos Traballos Fin de Máster, na que os alumnos mostran un alto grao de competencia e coñecementos. Ademais o titores dos Traballo Fin de Máster emiten un informe no cal valoran cunha puntuación (sendo 1 o mínimo e 5 o máximo) o grao de consecución dunha serie de competencias transversais recollidas na memoria do Título, mencionar que practicamente todas as valoracións están entre 4 e 5 nas tres universidades.

Por outra parte, antes de comezar o máster, realízase unha presentación do título ao alumnado matriculado por parte dos coordinadores, pero como o prazo de matrícula nas tres universidades é moi amplo, unha parte do alumnado non asiste á xornada de presentación por matricularse con posterioridade á súa realización, neste caso, os coordinadores do título atenden todas as aclaracións/dubidas que poidan surxir entre o alumnado.

#### Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
  
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### • Persoal académico

O nivel de suficiencia e adecuación do cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Bioloxía é bo, tal e como indican os informes externos de reverificación das titulacións de grao e máster que participaron nese proceso, así como a verificación de dous títulos novos. Non obstante, o descenso no número de profesores

que se ven dando nos últimos cursos, sobre todo debido a xubilacións, está provocando que nalgúns áreas de coñecemento a dedicación docente do profesorado sexa moi elevada, estando no límite das súas capacidades docentes. Compre recordar a necesidade de incrementar o profesorado, non só a curto prazo nestas áreas xa deficitarias na actualidade, senón tamén a medio prazo en todas as áreas de coñecemento, xa que a media de idade do profesorado que imparte docencia nas distintas titulacións do centro é elevada.

Por outra banda, comprende tamén subliñar que as áreas de coñecemento que participan na docencia do Centro teñen capacidade de captación e formación de profesorado universitario, como así o indica a participación na docencia de contratados posdoutorais de distintos programas (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie e outros programas do Ministerio e da Xunta de Galicia) e predoutorais (Ministerio e Xunta de Galicia). Polo tanto, en concordancia co noso obxectivo de mellorar a calidade da docencia, o centro apoia as solicitudes de PDI realizadas polos departamentos que son os que teñen o encargo do desenvolvemento da docencia.

### Grao en Bioloxía (GB)

A cualificación docente e investigadora do persoal académico responsable da docencia do título é boa, cun perfil adecuado. Segundo os datos subministrados polo indicador E.15 *Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado 2020/2021*, dependentes da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, o Grao en Bioloxía contou no curso 2020/2021 cun total de 81 docentes. Sen embargo, dita información é incompleta, xa que soamente dispoñemos dos datos da primeira edición do Grao en Bioloxía, pero non da segunda edición, que implantouse no curso 2020/2021; faltarían así datos de profesores das áreas de Bioloxía Celular ou Estatística e Investigación Operativa, entre outros. Tendo en conta unicamente os datos subministrados, 19 dos profesores foron catedráticos, 27 foron titulares, 13 foron contratados doutores, 1 foi profesor asociado LOU, 2 foron posdoutorais da Xunta de Galicia e 19 foron predoutorais (13 do Ministerio e 6 da Xunta) (indicador E.15 *Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado 2020/2021*, Área de Calidade e Mellora dos Procedementos). O 56,79% do profesorado é funcionario no Grao de Bioloxía no curso 2020-2021, o que supón unha redución en comparación co curso inmediatamente anterior 2019/2020 (78,18 %). Estes profesores/as pertencen a moi diversas áreas de coñecemento (Táboa 6), o que evidencia o seu carácter multidisciplinar, e tamén teñen unha elevada experiencia docente e investigadora, como demostra o número total de quinquenios (276) e sexenios (210) (Táboa 6).

**Táboa 7. Número de profesores/as e experiencia docente <sup>(1)</sup> (número de quinquenios) e investigadora <sup>(2)</sup> (número de sexenios) do profesorado das distintas áreas de coñecemento que impartiron docencia no Grao en Bioloxía no curso 2020/21. Só poden solicitar quinquenios e sexenios os catedráticos/as de universidade, os profesores/as titulares de universidade e os profesores/as contratados/as doutores/as. A información contida en dita Tabla procede do indicador E.15, proporcionado pola ACMP; dita información non é completa.**

GRAO EN BIOLOXÍA			
Área de coñecemento	Nº prof.	Experiencia docente <sup>(1)</sup>	Experiencia investigadora <sup>(2)</sup>
Antropoloxía Física	2	5	9
Bioloxía Celular	3	8	9
Bioquímica e Bioloxía Molecular	9	22	35
Botánica	4	14	24
Ecoloxía	10	22	24
Edafoloxía e Química Agrícola	6	17	23
Fisioloxía	9	22	20
Fisioloxía Vexetal	6	19	29
Microbioloxía	8	35	39

Parasitoloxía	2	8	8
Proxectos de Enxeñaría	3	2	2
Xenética	10	20	23
Zooloxía	9	16	31
<b>TOTAL</b>	<b>81</b>	<b>210</b>	<b>276</b>

### Grao en Biotecnoloxía (GBT)

No curso 2020/2021, na docencia dos tres primeiros cursos do Grao en Biotecnoloxía participaron un total de 67 profesores/as (indicador E.15 Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado curso 2020/2021, Área de Calidade e Mellora da Docencia). Destes profesores, 12 foron catedráticos, 23 profesores titulares, 11 profesores contratados doutores, 4 profesores axudantes doutores, 3 Ramón y Cajal, 1 Juan de la Cierva, 3 investigadores JIN, 1 contratado posdoutoral, 8 contratados predoutorais (3 do Ministerio e 5 da Xunta de Galicia), e 1 interino. O 52,23% do profesorado, polo tanto, é funcionario, o que supón unha redución en relación co curso anterior 2019/2020 (67,74%). Por outra banda, o profesorado ten unha ampla experiencia docente e investigadora, como se pode ver na Táboa 8, onde se inclúe o número de profesores/as das distintas áreas de coñecemento e a súa experiencia docente e investigadora.

**Táboa 8. Número de profesores/as e experiencia docente docente <sup>(1)</sup> número de quinquenios) e investigadora <sup>(2)</sup> número de sexenios) do profesorado das distintas áreas de coñecemento que impartiron docencia no 1º e 2º curso do Grao en Biotecnoloxía no curso 2020/21. Só poden solicitar quinquenios e sexenios os catedráticos/as de universidade, os profesores/as titulares de universidade e os profesores/as contratados/as doutores/as. Fonte da información: ACMP.**

GRAO EN BIOTECNOLOXÍA			
Área	Nº prof.	Experiencia docente <sup>(1)</sup>	Experiencia investigadora <sup>(2)</sup>
Álgebra	1	1	6
Anatomía e Embrioloxía Humana	3	5	5
Biología Celular	7	21	26
Bioquímica e Biología Molecular	9	12	22
Enxeñaría Química	9	19	24
Estatística e Investigación Operativa	3	0	6
Farmacoloxía	1	3	2
Física Aplicada	1	4	4
Fisioloxía	6	25	28
Fisioloxía Vexetal	1	3	3
Microbioloxía	5	14	14
Óptica	1	3	5
Química Analítica	3	12	16
Química Física	1	4	5
Química Orgánica	6	4	3
Tecnoloxía de Alimentos	2	9	8
Xenética	6	13	12
Xeometría e Topoloxía	2	9	12

TOTAL

67

161

201

### Máster Universitario en Acuicultura

Entre os 58 docentes do máster, 12 son catedráticos, 25 titulares, 5 profesores son contratados doutores e 16 son profesores non universitarios; destes últimos, a maioría (excepto 3) son doutores. Todo o profesorado foi elixido en base ao seu CV, para asegurar que cada materia esté impartida polos mellores profesionais.

Entre o profesorado universitario hai un alto nivel de experiencia docente, cun total de 191 quinquenos (media de 4,3) e científica, cun total de 153 sexenios (media de 3,5).

A mediados do curso correspondente, como se fai cada curso, analizáronse as necesidades de persoal para o seguinte. O profesorado sempre se selecciona en base á súa demostrada e actualizada experiencia na temática da materia a impartir

**Táboa 9.- Participación e Experiencia Docente e Investigadora dos Profesores Universitarios do Máster de Acuicultura**

		Quinq	Sexs	Cats	Tit	PCD	Total	
UDC	total	45	34	nº	3	6	0	9
	media	5,0	3,4	%	33,3	66,7	0	
UVigo	total	64	55	nº	6	9	2	17
	media	3,8	3,2	%	35,3	52,9	11,8	
USC	total	82	67	nº	3	11	4	18
	media	4,6	3,7	%	16,7	61,1	22,2	
Total	total	191	153		12	26	6	44
	media	4,3	3,5		27,3	59,1	13,6	

### Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

A docencia do curso 2020/2021 foi impartida por 64 profesores/as. Dentro dos 64 profesores que participaron na docencia do MBio no curso 2020-21, 29 foron da USC, 17 da UDC e 18 da UVigo. Estes profesores inclúen 4 investigadores posdoutorais (financiados pola Xunta de Galicia ou polo Ministerio) e 2 investigadores Ramón y Cajal. Todo o profesorado é Doutor/a e o 54% funcionario; o total de quinquenos recoñecidos é de 230 e o de sexenios 145, o que fai que, si se dividen estes números entre os profesores que ten dereito a solicitalos (p.e. Profesores Contratados Doutores, Titulares de Universidade, etc.), a media é de 4,26 quinquenos e 2,69 sexenios por profesor. Por categorías, o 6% son contratados posdoutorais, 3% contratos Ramón y Cajal, 1% Axudantes Doutores, 30% Profesores Contratados Doutores (incluíndo interinos), 44% Titulares de Universidade, 9% Catedráticos e o 6% restante corresponde a outras figuras de profesorado (incluíndo profesionais que foron adscritos como Área Externa).

### Máster Universitario en Neurociencia

O título foi impartido por 57 profesores, dos cales 39 son da USC (9 Prof. catedráticos, 13 Prof. titulares, 6 Prof. contratado doutores, 1 Prof. Axudante doutor, 1 Prof. emérito LOU, 5 Prof. asociados universidade LOU, 1 Prof. asociado de ciencias da saúde LOU), 2 Investigadores Ramón e Cajal e 1 Contratado Postdoutoral Ministerio.

Na USC a porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total no curso 2020/21 foi dun 100%. e a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total foi dun 95,24%. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total mostra valores similares aos de cursos anteriores, un 61,90%.

Estes datos indican que o profesorado das tres universidades que participa no título conta cun nivel de cualificación moi alto, e é suficiente para o correcto desenvolvemento do máster. En relación cos datos obtidos na avaliación docente do máster, remarcar a ampla preparación docente e investigadora dos profesores que participan no máster o que se traduce nunha formación esixente e actualizada.

**Participación do persoal docente e investigador en actividades formativas**

No curso 2020/2021, a participación do profesorado en cursos de formación (52%) foi inferior ao do curso inmediatamente anterior (2019/2020; 72,73%), na que se producira un incremento notable probablemente relacionado coa situación de pandemia e de confinamento e coa necesidade de formación en docencia e avaliación non presencial que xa se comentara na memoria do curso 2019/2020. Esta redución de 20 puntos porcentuais en xeral non foi homoxénea en todas as titulacións impartidas no Grao. Así, a redución no grao de participación en relación co curso anterior 2019/2020 foi menor nos Graos de Bioloxía (3-7 puntos porcentuais) e maior nos Másteres (redución de 10 puntos e 15,2 puntos porcentuais nos Másteres de Acuicultura e de Neurociencia, respectivamente), subindo en cambio entre o profesorado do Máster de Bioloxía Mariña (12 puntos porcentuais) e sobre todo o Máster de Biodiversidade (14 puntos porcentuais) En canto ao grao de satisfacción que o PDI da Facultade de Bioloxía demostra en relación con estes cursos (INF.10; Informe Satisfacción Relación cursos PFID\_2020-2021\_Enquisa de satisfacción do PDI coas accións formativas. 2020-2021, A´rea de Calidade e Mellora de Procedementos), esta é elevada. Así, cunha taxa de participación do 45.31% as enquisas amosan unha elevada satisfacción xeral coas actividades de formación realizadas (>4,3 sobre 5 puntos para o curso 2020/2021), e o 94,44% recomendaríalle esas actividades aos seus compañeiros.

**• Persoal de apoio**

O Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade de Bioloxía da USC non ten funcións específicas de apoio á docencia dunha titulación concreta, senón que dá apoio a todas as titulacións que se imparten no Centro. O PAS do centro está composto por 25 persoas que se estruturan nas seguintes unidades: i) animalario/acuario (2 persoas), ii) biblioteca (6 persoas), iii) conserxería (6 persoas), iv) administración dos departamentos (3 persoas), v) persoal de apoio á investigación de departamentos (4 persoas) e vi) administración do centro (decanato, apoio á xestión e asuntos económicos) (4 persoas) (indicador E-16 *Información sobre o persoal de apoio - Facultade de Bioloxía. Curso 2020/2021*, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos). A totalidade deste persoal ten dedicación a tempo completo. A súa adecuación queda garantida polo proceso de selección do persoal, que se axusta estritamente á normativa xeral aplicable aos empregados públicos. Así mesmo, a USC preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos de adecuación e actualización. Así, o 52% do PAS da Facultade de Bioloxía realizou algún curso de formación no curso 2020/2021, unha porcentagem máis baixa que no curso precedente 2019/2020 pero máis elevada que o resto de cursos anteriores (2015/2016-2018/2019) (Indicador I6-I7. *PARTICIPACIÓN DO PDI E PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN*, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos). O 61% dos asistentes a ditos cursos foron mulleres, e o 39% homes. A valoración que fixeron sobre os mesmos foi boa nos diversos apartados da enquisa. Así, a organización dos cursos foi satisfactoria (valoración dos ítems >7 sobre 10, salvo o tema das aulas e instalacións), así como os obxectivos e contidos (todos os ítems >7.5 sobre 10), a percepción da aprendizaxe (todos os ítems >7, excepto os contidos prácticos dos cursos), e o grao de recomendación (86,97% dos PAS asistentes recomendarían a outros facer os cursos). A taxa de resposta á enquisa para o curso 2020/2021 foi do 41% (INF.11, INFORME DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS 2020/2021). A satisfacción do PAS da Facultade de Bioloxía co traballo desenvolvido é boa, tal e como o indican tanto o valor do indicador IN49C que é de 3,83 (sobre 5) como a valoración global que fan do ítem "En xeral, síntome satisfeito/a co meu traballo" na enquisa de satisfacción do PAS (INF.21), que é de 3,83 (sobre 5), practicamente a media global da universidade de Santiago (3,84 sobre 5).

Polo tanto, a Facultade conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, pero existen algúns problemas a nivel de certos títulos, como pode ser o de Mestrado. Así, no caso do Máster en Neurociencia, aínda que os coordinadores e a Comisión Académica contan coa axuda dos/as xestores/as académicos/as do centro en cada unha das Universidades, estes ocúpanse de numerosas titulacións no centro, de xeito que os coordinadores/comisión académica teñen que continuar suplindo determinadas deficiencias no desenvolvemento do título; polo tanto, dende o Máster de Neurociencia se considera que o persoal de apoio dedicado á xestión/desenvolvemento do título é insuficiente.os vice

**Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado orientano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**• Recursos materiais**

As acu coas que conta a Facultade de Bioloxía son as adecuadas para o desenvolvemento do proceso formativo dos títulos que se están a impartir na actualidade, aínda que a implantación de dous novos títulos (Grao en Biotecnoloxía e Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre) no curso 2018/19, así como a cesión temporal de espazos para a docencia do Grao en Farmacia, provocou algunhas dificultades na xestión dos espazos docentes.

A Facultade de Bioloxía, que foi amplamente reformada e renovada (as obras finalizaron no ano 2013), conta con:

- 10 aulas para a docencia expositiva, de diferente capacidade: 91, 91, 93, 141, 58, 58, 75, 90, 75 e 50 postos.
- 1 aula de videoconferencia, con capacidade para 30 persoas.
- 5 aulas de seminario con mesas modulares (18, 18, 12, 16 e 14 postos).
- Aula Magna con capacidade para 230 persoas en butacas con mesas de escritura.
- Salón de graos, con capacidade para 70 persoas en butacas con mesas de escritura.
- Xala de Xuntas
- Aula do edificio do CIBUS con capacidade para 35 persoas con mesas de escritura.
- 2 aulas de informática (24 postos cada unha) equipadas que contan cun computador por posto equipado cos programas necesarios para a realización das prácticas de computador, ademais de canón de vídeo e pantalla de

proxección interactiva, e un 1 aula pendente de equipación (equipada provisionalmente con material da Facultade de Farmacia e dedicada á docencia do alumnado desa titulación).

- 3 espazos (aulas 9, 12 e 13) acondicionados como aulas para a docencia expositiva do alumnado do Grao de Farmacia, pero que no proxecto de reforma do Centro estaban pensados como laboratorios.

As aulas contan con encerado, conexión a rede, computador, canón de vídeo, pantalla de proxección e sistema de son e teñen excelente iluminación, natural e eléctrica. Na aula de videoconferencia, aula 5, aula CIBUS e na aula seminario 4 existen sistemas de videoconferencia completos.

Todas as aulas (de docencia e informática) presentan capacidade para 2 persoas con discapacidade motriz (a Aula Magna con 4 e as aulas seminario con 1 posto destas características), a maiores do exposto anteriormente. A aula 5 está equipada cunha rampla de acceso á tarima para discapacitados. O centro ten outras rampas de acceso, baños adaptados, ascensores e unha praza de aparcadoiro cuberta para persoas con discapacidade motriz, o que é completamente necesario nun clima como o de Santiago de Compostela. En definitiva, o centro cumpre a normativa de accesibilidade universal e deseño para todos.

Existen un total de 10 laboratorios de prácticas (1-9 e 12), con capacidades entre 16 e 24 postos, que contan cos equipos necesarios para realizar as prácticas incluídas na programación docente das diferentes materias. Na páxina web do centro publícase o material de prácticas de laboratorio e campo existente.

No centro cúmprense as normativas de seguridade e hixiene, tanto nos espazos comúns como nos laboratorios onde as actividades xeran máis riscos. Os/as alumnos/as deben ler estas normas e asinar o documento acreditativo do coñecemento das normas de funcionamento correcto nas prácticas das materias, así como a que se comprometen á súa aplicación; a sinatura deste documento é obrigatoria para poder realizar as prácticas, tanto de campo como de laboratorio.

Ademais, en edificios satélites ao carón da Facultade, temos un animalario/acuario e un invernadoiro, que están perfectamente equipados e dispoñibles para a docencia.

O Centro conta cunha biblioteca excepcional de 1071 m<sup>2</sup> distribuídos en dous niveis e con capacidade para 269 postos de lectura e unha área de traballo en grupo (con capacidade para 20 persoas). Todos os postos dispoñen de enchufe para portátil e sistema de luz independente (aínda que conta cunha excelente iluminación natural). En condicións normais, os/as usuarios/as acceden directamente aos fondos bibliográficos e á hemeroteca. A biblioteca conta con 10 computadores portátiles para préstamo dentro da biblioteca e 6 equipos de sobremesa.

Como xa se dixo, no curso 2020/21 continuaron as medidas restritivas na loita contra as consecuencias da pandemia. No caso da biblioteca isto fixo que o curso 2020/21 comezase coa prohibición de acceso ás salas de estudo e o acceso directo aos fondos, pero facilitando o préstamo presencial tras solicitude electrónica. Foi xa a partir do 26 de febreiro cando se permitiu a apertura das salas de estudo en 1/3 do seu aforo e coa obrigatoriedade do uso da máscara facial, pero seguindo coa limitación de acceso aberto aos fondos.

En canto aos fondos bibliográficos impresos, o total de títulos é de 22681 e o de exemplares de 30321 (a 31/12/2021), dos que 9440 son do fondo de alumnos/as, 17589 do fondo de investigación e 1438 do fondo de teses e memorias de licenciatura. Destaca tamén unha extensa colección de 837 mapas, maioritariamente topográficos e xeolóxicos. Ao longo do curso mercáronse 46 títulos, sendo o incremento dun 5% dos títulos con respecto ao ano anterior, fundamentalmente polo comezo do proceso de catalogación do depósito de fondos documentais da "Sociedad Española de Ciencias del Suelo" que se iniciou en outubro do pasado ano, 480 títulos procesáronse neste período.

A información referida aos títulos recomendados para as diferentes titulacións impartidas na Facultade de Bioloxía está dispoñible na web do Centro, no informe de recursos bibliográficos. Respecto á bibliografía recomendada nas guías docentes, a través dos recursos da Biblioteca se accede a:

- 415 títulos dos recomendados para o Grao en Bioloxía (representando o 100% do total)

- 391 títulos dos recomendados nas guías docentes do Grao en Biotecnoloxía (representando o 96% do total)
- Monografías e artigos de revistas recomendados nos 4 másteres impartidos na Facultade está dispoñible (o 93,3% dos recomendados no caso de Máster en Acuicultura, o 88,88% no caso de Máster en Biodiversidade Terrestre, o 100% no caso do Máster en Bioloxía mariña, e o 89,9% no caso do Máster en Neurociencia).
- O cambio de uso dos recursos durante a pandemia veu para quedarse. O significativo aumento da oferta de monografías electrónicas necesarias para o estudo e a docencia durante o confinamento, consolidouse ao longo do pasado ano. De xeito consorciado no CISUG, ata novembro de 2021, tívose acceso polo sistema EBS (selección por evidencias) ás coleccións das editoriais De Gruyter, Elsevier, Springer e Wilson, para nos dous últimos meses do ano seleccionar para a adquisición definitiva aqueles títulos que figuraban nas bibliografías recomendadas ou que foron máis consultados.
- Por outra parte continuouse coa subscrición a ClinicalKey Student Medicina (tamén de Elsevier), ás monografías de McGraw-Hill “Access medicine” e “Access engineering”, ás monografías da editorial Pearson a través da plataforma Ingebook e a todos os títulos da Editorial Médica Panamericana na Plataforma Eureka de Ciencias da Saúde, que cubren unha boa parte das bibliografías recomendadas nos graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, sobre todo as disponibles en español, e editados con posterioridade a 2013.
- Podemos dicir que, si ben en boa parte do curso non se tivo acceso directo aos fondos, a oferta de libro electrónico, normalmente sen restricións de número de consultas coincidentes, cubreu as necesidades do estudo da maioría do bibliografías recomendadas.

Os alumnos/as teñen á súa disposición un local de alumnos/as de 71 m<sup>2</sup> con capacidade para 25 postos e equipado con microondas e neveira para que poidan comer no Centro. Tamén contan cunha sala de traballo en grupo de 82 m<sup>2</sup> e uns 20 postos. Ningunha destas infraestructuras puido ser utilizada polo alumnado dende o inicio da pandemia.

Pola súa banda, o Instituto de Acuicultura, a 5 minutos da Facultade, pon a disposición do Máster Universitario en Acuicultura as instalacións necesarias para complementar a docencia, incluíndo unha aula de videoconferencia (con todo o equipamento necesario: equipo de videoconferencia, pizarra electrónica e sistema completo de audio e imaxe) con capacidade para 15 alumnos/as, e un laboratorio para as prácticas de varias das materias (con capacidade para 16 alumnos/as). O Instituto, ademais, pon a disposición do alumnado do máster os máis de 30 volumes especializados adquiridos especialmente para este máster.

Ademais, como non podía ser menos, a Facultade de Bioloxía está comprometida co medio ambiente tratando de minimizar o consumo enerxético. Así, conta con sistemas de recollida selectiva de refugos como o papel, plásticos, CDs, etc., así como dos produtos tóxicos empregados nos laboratorios. Anualmente realízase un simulacro de emerxencia e revísanse os plans de autoprotección en ambos edificios (CIBUS e Facultade).

Tanto o profesorado como o alumnado dos graos que se imparten na Facultade de Bioloxía está satisfeitos cos recursos materiais do centro. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación do curso 2020/2021 elaborada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (INF.23), o ítem “as aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuados para o meu labor docente?” presenta unha valoración de 4,42 (sobre 5) para o profesorado do Grao de Bioloxía, e un valor algo menor de 4,24 (sobre 5) (algo que se repite no curso 2019/2020) para o profesorado do Grao en Biotecnoloxía; en ambos os dous Graos, a evolución desta percepción por parte dos profesores foi ascendente nos cursos 2019/2020 e 2020/2021. Na enquisa de satisfacción do alumnado do Grado de Bioloxía coa titulación (INF-22) proporcionada pola Área de Calidade e Mellora dos procedementos, os ítems “as infraestructuras e materiais dispoñibles no centro son axeitados?” presentan unha valoración de 3,60 (sobre 5) para o Grao de Bioloxía e algo máis baixa (3,25 sobre 5) para o Grao de Biotecnoloxía; no caso do Grao de Bioloxía a evolución desta percepción por parte dos alumnos foi ascendente nos cursos 2019/2020, pero no caso do Grao de Biotecnoloxía foi descendente.

O grao de satisfacción do profesorado da USC coas aulas e o seu equipamento é elevado (4,42 sobre 5) no Grao de Bioloxía, así como tamén o é no Grao de Biotecnoloxía (4,24 sobre 5) (Indicador INF.23, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos). Por outra banda, o alumnado da USC considera que “Os materiais suministrados (presentacións, artigos, etc) fóronme de axuda na preparación da materia” foi adecuando tanto no Grao de Bioloxía (3,97



sobre 5) como no Grao de Biotecnoloxía (3,74 sobre 5) (INF.13)

No caso do desenvolvemento do Máster Universitario en Neurociencia, os profesores e alumnos dispoñen de aulas de videoconferencia nas tres universidades dedicadas practicamente en exclusiva ao título, namentres que para as prácticas e os Traballos Fin de Máster se empregan os laboratorios do profesorado, todos recoñecidos investigadores no seu campo. O grao de satisfacción do profesorado da USC coas aulas e o seu equipamento é elevado, 4,33 sobre 5. Por outra parte, o grao de satisfacción do alumnado cos trámites de matriculación, e a atención prestada polo persoal de administración e servizos, é excelente (5); e tamén consideran que as infraestructuras e materiais dispoñibles nos centros son axeitados na USC (3 sobre 5) e na UVI (4.50 sobre 5).

Por outra banda, tanto docentes como estudantes contan co Campus Virtual da USC como recurso de apoio ao proceso de ensino/aprendizaxe. Esta ferramenta está moi ben valorada no curso 2020/2021 tanto por docentes (4,62 e 4,56 sobre 5 para o profesorado dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, respectivamente; enquisa de satisfacción coa titulación; INF.23) como polo alumnado (3,65 e 4,30 sobre 5 para o alumnado dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía, respectivamente; enquisa de satisfacción coa titulación; INF.22).

#### • Orientación académica: Programas de acollida e apoio aos estudantes

##### Grao en Bioloxía e Grao en Biotecnoloxía

Como xa se comentou, para os/as alumnos/as de primeiro curso realizase unha “xornada de acollida”; para o alumnado de curso superiores (sobre todo de 2º e 3º curso), convocáronse tamén reunións para informar sobre os programas de mobilidade, as prácticas externas e o sistema de adxudicación e desenvolvemento dos TFGs.

Ademais, os/as coordinadores/as de todos os niveis, así como o profesorado en xeral, participan na orientación do alumnado sobre distintos aspectos, grazas ás boas relacións que, en xeral, se establecen nas aulas. Así, no informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF.13) proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, os ítems relacionados coa comunicación entre os profesores e os alumnos e coa actitude receptiva dos primeiros que facilita a comunicación do profesorado co alumnado (ítem 5: *O/A docente resolveu as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)*; ítem 6: *O/A docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc.)*; ítem 9: *De xeito global, a comunicación co/a docente foi axeitada*) teñen unha valoración moi alta (sobre 5 puntos) nos dous graos e amosan similitudes (ítems 5/6/9; Grao de Bioloxía: 4,22/3,72/4,05; Grao de Biotecnoloxía: 4,22/3,86/4,04).

O Centro promove e apoia a realización de distintas actividades, organizadas por distintos colectivos, para mellorar a orientación profesional do alumnado, como por exemplo as xornadas con novos investigadores en Bioloxía e conferencias impartidas por distintos profesionais de distintos campos. A difusión das actividades realízase a través do correo electrónico, pantallas electrónicas instaladas no Centro e redes sociais do Centro ([Facebook](#), [Instagram](#) e [Twitter](#)).

##### Máster Universitario en Acuicultura

Tamén se indicou antes que o Máster de Acuicultura ten un sistema propio de atención ós alumnos en 3 fases. En primeiro lugar, de asesoramento ós potenciais alumnos na fase de preinscripción e matrícula, atendendo por teléfono e por Zoom ás dúbidas dos interesados; en segunda fase, no somenzo do curso, mediante un acto de acollida o primeiro día, no que se describe o funcionamento do máster, as instalacións e recursos a disposición dos alumnos, o sistema de coordinación das materias e de todo o máster, e a asignación dun tutor personal para cada alumno, que será o encargado de asistir ó alumno ó longo do seu proceso académico.

##### Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

###### Orientación académica

Como xa se comentou anteriormente, o MBio conta cun Plan de Acción Titorial que ten como obxectivos, entre outros, informar o alumnado sobre a planificación do máster, sobre as PE e o TFM, sobre programas de mobilidade, etc. Ademais, no marco deste PAT todos os alumnos matriculados contan cun titor que pode darles orientación sobre saídas profesionais, vías complementarias de formación, etc.

**Máster Universitario en Neurociencia.**

Por outra parte, antes de comezar o máster, realízase unha presentación do título ao alumnado matriculado por parte dos coordinadores, pero como o prazo de matrícula nas tres universidades é moi amplo, unha parte do alumnado non asiste á xornada de presentación por matricularse con posterioridade á súa realización, neste caso, os coordinadores do título atenden todas as aclaracións/dubidas que poidan surxir entre o alumnado.

**• Recursos materiais dos programas de prácticas externas****Grao en Bioloxía**

As instalacións onde se realizan as prácticas externas son adecuadas para a adquisición das competencias propostas. Así o amosan as enquisas de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (INF.06), que teñen unha valoración global moi boa, aínda sendo este un ano de pandemia. Tamén se observa no informe de indicadores (indicador IN19G), cunha valoración sempre ascendente dende o curso 2015/2016 (4,35) ata o curso 2020/2021 (4,64) sobre 5 puntos, coa excepción do curso 2019/2020, no que non houbo valoración por temas relacionados coa pandemia da COVID-19.

**Grao en Biotecnoloxía**

Non se dispoñen de datos sobre a valoración dos recursos materiais do programa de prácticas externas no caso do Grao en Biotecnoloxía no curso 2020/2021, xa que estas se implantaron por primeira vez no curso 2021/2022.

**Máster Universitario en Acuicultura**

No curso 2020/2021 actualizáronse os convenios de varias empresas, e con algunha se rescindiu o convenio debido a acumulación de dous informes negativos nun caso, e por cese da actividade noutros dous. Todas as empresas colaboradoras do máster para a realización das prácticas en empresa son de demostrada fiabilidade para asegurar a súa adecuación á realización das mesmas.

**Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre***Recursos materiais dos programas de prácticas externas*

No curso 2020-21 foi o segundo no que alumnos do MBio realizaron PE e TFM. No caso das prácticas realizáronse tanto en empresas privadas (fundamentalmente diversas consultoras ambientais, como por exemplo: Adantia S.L., Ecocelta Galicia S.L., Emberiza Estudios Ambientales S.L., SOREX Ecoloxía e Medio Ambiente S.L., etc.), en institucións públicas (p.e. Museo de Historia Natural "Luis Iglesias" da USC, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – CEIDA, Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, etc.) e tamén en Grupos de Investigación ligados as universidades participantes no máster (p.e. G.I. Análise e conservación da Biodiversidade-USC, G.I. Biodiversidade e Botánica Aplicada-USC, G.I. Estudos medio ambientais aplicados ao patrimonio natural e cultural-USC, etc.). Dadas as cualificacións obtidas polo alumnado (notas superiores ó 9 na inmensa maioría dos casos) mostran que este remata os seus estudos habendo adquirido as competencias previstas na memoria verificada do título de modo que está suficientemente capacitados para poder realizar labores profesionais trala obtención dos seus títulos.

*Recursos materiais nos Traballos fin de Máster*

Polo que se refire o TFM, este desenvolveuse fundamentalmente no seno de diferentes Departamentos das Facultades implicadas na docencia do MBio, por exemplo: Bioloxía-UDC; Ecoloxía e Bioloxía Animal-UVIGO; Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía-UVIGO; Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio-UVIGO; Bioloxía Funcional-USC; Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física-USC, etc.

**Directriz 6. Información pública**

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

**Aspectos a contemplar:**

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información relativa aos aspectos fundamentais do centro e dos títulos que se imparten está recollida na páxina web institucional da USC e nas webs propias dos títulos, e pode consultarse nas seguintes ligazóns: [Facultade de Bioloxía](#), [Grao en Bioloxía \(1ª ed\)](#), [Grao en Bioloxía \(2º Ed\)](#), [Dobre Grao de Química-Bioloxía](#), [Grao en Biotecnoloxía](#), [Máster Universitario en Acuicultura](#), [Máster Universitario en Biodiversidade Terreste](#), [Máster Universitario en Bioloxía Mariña](#) e [Máster Universitario en Neurociencia](#). A súa xestión desenvólvese segundo o proceso de soporte PS-06 *Información pública* do SGC do Centro, que permite garantir que se faga pública toda a información relevante das titulacións e que se revise e actualice periodicamente co fin de manter informados aos distintos grupos de interese.

Un exemplo é a páxina web institucional e a páxina web propia do Máster de Neurociencia. Ambas están dispoñible para todos os grupos de interese, con información como: guías docentes, horarios do curso, as liñas de investigación que ofertan TFM, así como os Libros das Xornadas de Xóvenes Investigadores en Neurociencia que cada ano celébranse nunha das tres universidades, e nas que os alumnos defenden o seu Traballo Fin de Máster. Ademais son públicos os listados de egresados de cada curso académico, así como os TFM defendidos en cada curso académico (Alumno, Título e Titores).

Como parte desta mellora, nos últimos anos implementouse una nova web institucional, cunha estrutura que lle da maior visibilidade a todos os grupos de interese. A partir dela, dende o Centro estamos a traballar nos distintos apartados co fin de mellorar a información do Centro e dos títulos que coordina, polo que esta mellora seguese a incluír como un obxectivo de calidade na presente memoria.

A partir do curso 2017/18, e como resultado das recomendacións do Comité de Certificación, mellorouse a información pública sobre os procesos de calidade. Así, a información relativa ao Sistema de Calidade (Política de Calidade, SGC, Manual de Procesos, Protocolos Propios, Memorias de Calidade), está publicada na páxina web do Centro, no sitio 'Calidade'. Para as cuestións que son xerais da Universidade (Procesos Institucionais, Resultados e Informes das Enquisas), a información pode ser consultada na web da ACMP da USC, principalmente nas seccións 'Sistemas de Garantía de Calidade' e 'Satisfacción dos grupos de interese'.

Ademais, a información relativa aos acordos da CCC, da Comisión de Docencia e das CT do Grao de Bioloxía e do Grao de Biotecnoloxía publícase na web da Facultade, no sitio 'A Facultade' – "Órganos de Goberno".

Por outra banda dende a Facultade utilízanse para a difusión os seguintes medios:

- Páxina web da Facultade.
- Páxinas web dos másteres xestionadas pola propia Facultade e os coordinadores dos mesmos, no caso dos coordinados pola USC.
- Pantallas informativas electrónicas instaladas nas entradas do Centro.
- Correo electrónico ao estudiantado, PDI, PAS para informar de convocatorias, prazos, charlas, conferencias, etc.
- Redes sociais (especialmente Facebook, e en menor medida Twitter e Instagram).
- Reunións informativas (acto de presentación para o alumnado de primeiro, reunións informativas sobre mobilidade, elaboración de calendarios de clase e exames, información sobre programas de Prácticas Externas, Traballos Fin de Grao e bolsas de colaboración).

- Participación do profesorado mediante charlas informativas no Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”.

No curso 2020/21, o alumnado do Grao en Bioloxía e o profesorado dos graos de Bioloxía e Biotecnoloxía valoran positivamente a información pública dispoñible sobre a titulación. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22), o alumnado do Grao en Bioloxía e do Grao de Biotecnoloxía valoran, respectivamente, con 2,80 e 2.60 (sobre 5) o ítem “*consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?*”. En canto ao profesorado dos Graos en Biotecnoloxía e Bioloxía, estes valoran (INF.23) con 4,24 e 4,38 (sobre 5) respectivamente o ítem “*consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada?*” da enquisa de satisfacción do PDI coa titulación. En todos os casos, os valores do ítem son superiores á media da USC. Ademais a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (indicador IN23G) é de 3,07 sobre 5 para o curso 2018/19, último curso do que hai datos dispoñibles.

### 3. Plan de Melloras do centro

<b>Obxectivo a conseguir: OC-1. Elaboración do Novo Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: Outubro de 2022</b>	<b>Data fin: Decembro de 2022</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Actualización da Política de Calidade e do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PE-01 <i>Planificación Estratéxica</i> , PE-02 <i>Revisión e mellora</i>		
<b>Indicador/es de medición</b>	Elaboración do novo Plan Estratéxico	Meta a conseguir	Plan Estratéxico 2023-26
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	AM-1. Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-26		

<b>Obxectivo a conseguir: OC-2. Manter actualizado o SGC da Facultade de Bioloxía: Revisión dos Protocolos e os Manuais</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: Outubro 2022</b>	<b>Data fin: Febreiro 2023</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Actualización do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PE-01 <i>Planificación Estratéxica</i> , PE-02 <i>Revisión e mellora</i> , PC-04 <i>Desenvolvemento das ensinanzas</i> , PC-05 <i>Análise de resultados e mellora dos programas</i> , PS-04 <i>Satisfacción, expectativas e necesidades</i>		
<b>Indicador/es de medición</b>	Protocolos e Manual revisados	Meta a conseguir	Manter actualizados os Protocolos e o Manual do SGC
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	AM-2.1 Revisión dos Protocolos e do Manual do SGC  AM-2.2 Mellorar a actilla de avaliación dos tribunais de TGF		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 53 de 87

--	--

<b>Obxectivo a conseguir: OC-3. Mellora da oferta docente da Facultade de Bioloxía: Explorar a posibilidade de novas titulacións de Grao e Máster</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: Setembro 2022</b>	<b>Data fin: Xuño 2023</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	<b>Mellora da oferta docente</b>		
<b>Procesos clave relacionados</b>	<b>PE-01 <i>Planificación Estratéxica</i>, PE-02 <i>Revisión e mellora</i></b>		
<b>Indicador/es de medición</b>	<b>Elaboración de informes</b>	<b>Meta a conseguir</b>	<b>Conseguir información que permita a toma de decisións sobre a posibilidade de novas titulacións na Facultade, a mellora das existentes e a adaptación ao RD 822/2021</b>
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>AM-3.1 Análises do Grao de éxito das titulacións existentes na Facultade de Bioloxía e comparativa co resto do estado</b>  <b>AM-3.2 Estudio do problema do reducido número de alumnos na mención industrial no Grao de Biotecnoloxía</b>  <b>AM-3.3 Análise do impacto do RD 822/2021 en relación aos ámbitos de coñecemento nos cales inscribir os títulos universitarios oficiais de Grado e Máster impartidos na Facultade de Bioloxía</b>		

<b>Obxectivo a conseguir: OC-4. Manter unha dotación adecuada do equipamento docente do Centro</b>
--

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 54 de 87

<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: Setembro 2022</b>	<b>Data fin: Febreiro 2023</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	<b>Mantemento das infraestruturas e instalacións para a docencia acorde as necesidades</b>		
<b>Procesos clave relacionados</b>	<b>PC-04 <i>Desenvolvemento das ensinanzas</i>, PS-02 <i>Xestión dos recursos materiais e servizos</i></b>		
<b>Indicador/es de medición</b>	<b>Nº de aulas e laboratorios con dispositivos instalados</b>	<b>Meta a conseguir</b>	<b>Mellorar a dotación en infraestruturas das aulas e laboratorios</b>
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>AM-4. Renovación de equipos (informáticos, imaxe, aparataxe de laboratorio, etc) nas aulas e laboratorios da Facultade de Bioloxía.</b>		

<b>Obxectivo a conseguir: OC-5. Incrementar o número de convenios para a realización de Prácticas Externas e de mobilidade para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: Setembro 2022</b>	<b>Data fin: Maio 2023</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	<b>Mellora dos programas formativos</b>		
<b>Procesos clave relacionados</b>	<b>PC-02 <i>Planificación das ensinanzas</i>, PC-04 <i>Desenvolvemento das ensinanzas</i></b>		
<b>Indicador/es de medición</b>	<b>Nº de convenios de PE e Nº de prazas de intercambio</b>	<b>Meta a conseguir</b>	<b>Ter una oferta de PE e de mobilidade suficiente e atractiva para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía</b>
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>AM-5.1 Mellorar a oferta de prácticas externas para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía</b> <b>AM-5.2 Incrementar o número de convenios de mobilidade para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía</b>		

<b>Obxectivo a conseguir: OC-6 Mellorar a información que se fai pública para os distintos grupos de interese</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: Setembro 2022</b>	<b>Data fin: Xullo 2023</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	<b>Mellora da información pública</b>		
<b>Procesos clave relacionados</b>	<b>PS-06 Información pública, PE-01 Planificación Estratéxica, PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas</b>		
<b>Indicador/es de medición</b>	<b>Peche da acción</b>	<b>Meta a conseguir</b>	<b>Nova web en funcionamento con información máis accesible</b>
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>AM-6. Actualización da información contida na web da Facultade de Bioloxía para mellorar os niveis de transparencia na información pública subministrada</b>		

<b>Obxectivo a conseguir: OC-7 Mellorar a información do alumnado en relación aos grupos de investigación da Facultade onde poden facer o seu TFG ou TFM e tamén sobre a inserción laboral dos egresados</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: Setembro 2022</b>	<b>Data fin: Xuño 2023</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	<b>Mellorar a información sobre os programas formativos</b>		
<b>Procesos clave relacionados</b>	<b>PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, PC-03 Apoio a estudantes</b>		
